

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8469 *Lei 25/2015, do 28 de xullo, de mecanismo de segunda oportunidade, redución da carga financeira e outras medidas de orde social.*

FELIPE VI
REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

A economía española leva xa algúns meses dando signos esperanzadores de recuperación e consolidando un crecemento económico que, grazas ás reformas estruturais levadas a cabo nos últimos anos, está tendo un efecto beneficioso no emprego e na percepción xeral da situación que teñen os cidadáns, as empresas e as diferentes institucións.

Pero iso non debe levar a esquecer dúas cousas: a primeira é que a saída da crise é, ante todo e sobre todo, un éxito da sociedade española no seu conxunto, a cal deu unha vez máis mostras da súa sobrada capacidade para sobrepoñerse a situacións difíciles. A segunda é que aínda existen moitos españois que seguen padecendo os efectos da recesión. E é misión dos poderes públicos non abandonar o empeño de ofrecer as mellores solucións posibles a todos os cidadáns, a través das oportunas reformas encamiñadas ao ben común, á seguridade xurídica e, en definitiva, á xustiza.

Neste ámbito enmárcase, de maneira moi especial, a chamada lexislación sobre segunda oportunidade. O seu obxectivo non é outro que permitir o que tan expresivamente describe a súa denominación: que unha persoa física, a pesar dun fracaso económico empresarial ou persoal, teña a posibilidade de encarrilar novamente a súa vida e incluso de se arriscar a novas iniciativas, sen ter que arrastrar indefinidamente unha lousa de débeda que nunca poderá satisfacer.

A experiencia demostrou que, cando non existen mecanismos de segunda oportunidade, se producen desincentivos claros para acometer novas actividades e mesmo para permanecer no circuíto regular da economía. Iso non favorece obviamente o propio debedor, pero tampouco os acreedores, xa sexan públicos ou privados. Ao contrario, os mecanismos de segunda oportunidade son desincentivadores da economía mergullada e favorecedores dunha cultura empresarial que sempre redundará en beneficio do emprego.

A esta finalidade responde a primeira parte desta lei, pola cal se regulan diversos mecanismos de mellora do acordo extraxudicial de pagamentos, introducido na nosa lexislación concursal pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, e se introduce un mecanismo efectivo de segunda oportunidade para as persoas físicas, destinado a modular o rigor da aplicación do artigo 1911 do Código civil. Convén explicar brevemente cales son os principios inspiradores da regulación introducida a este respecto.

O concepto de persoa xurídica é unha das creacións máis relevantes do dereito. A ficción consistente en equiparar unha organización de bens e persoas a persoa natural tivo importantes e beneficiosos efectos na realidade xurídica e económica. Mediante a dita ficción, as persoas xurídicas, ao igual que as naturais, nacen, medran e morren. Ademais,

o principio de limitación de responsabilidade inherente a determinadas sociedades de capital fai que estas se poidan liquidar e disolver (ou morrer en sentido metafórico), e se extingan as débedas que resultasen non pagadas tras a liquidación, e sen que os seus promotores ou socios teñan que facer fronte ás eventuais débedas pendentes unha vez liquidado todo o activo.

Pódese afirmar que o principio de limitación de responsabilidade propio das sociedades de capital está, en boa medida, na orixe do desenvolvemento económico dos tres últimos séculos. No fondo, este principio de limitación da responsabilidade configurouse como un incentivo á actividade empresarial e ao investimento. O lexislador incentivaba a posta en risco de determinados capitais garantindo que os ditos capitais serían a perda máxima do investidor, sen posibilidade de contaxio ao seu patrimonio persoal.

Pero a limitación de responsabilidade é unha limitación de responsabilidade dos socios, non da sociedade, a cal deberá responder das súas débedas con todo o seu patrimonio presente e futuro. A cuestión que se presenta entón é o fundamento último para o diferente réxime de responsabilidade que se produce cando unha persoa natural decide acometer unha actividade empresarial a través dunha persoa xurídica interposta e cando esa mesma persoa natural contrae obrigas de forma directa. Se no primeiro caso se poderá beneficiar dunha limitación de responsabilidade, no segundo quedará suxeita ao principio de responsabilidade patrimonial universal recollido no artigo 1911 do Código civil.

Ademais, moitas situacións de insolvencia son debidas a factores que escapan do control do debedor de boa fe, co cal se presenta entón o fundamento ético de que o ordenamento xurídico non ofrezca saídas razoables a este tipo de debedores que, por unha alteración totalmente sobrevida e imprevista das súas circunstancias, non poden cumprir os compromisos contraídos. Non se pode esquecer con iso que calquera consideración ética a este respecto se debe cohonestar sempre coa lexítima protección que o ordenamento xurídico debe ofrecer aos dereitos do acreedor, así como cunha premisa que aparece como dificilmente discutible: o debedor que cumpre sempre debe ser de mellor condición que o que non o fai.

Introducidas deste modo as premisas do problema que hai que resolver respecto do alcance e eventual limitación do principio de responsabilidade patrimonial universal do artigo 1911 do Código civil, non está de máis acudir aos antecedentes históricos do dito precepto, así como ao seu contexto lexislativo.

A intelixencia completa deste artigo debíase completar con outros dous preceptos do mesmo Código civil situados sistematicamente no mesmo capítulo. Referímonos aos hoxe derogados artigos 1919 e 1920 do citado corpo legal, que sinalaban respectivamente o seguinte: «Se o debedor cumpriese o convenio, quedarán extinguidas as súas obrigas nos termos estipulados neste; pero, se deixase de cumprilo, en todo ou en parte, renacerá o dereito dos acredores polas cantidades que non percibisen do seu crédito primitivo, e calquera deles poderá pedir a declaración ou continuación do concurso» e «Non mediando pacto expreso en contrario entre debedor e acredores, estes conservarán o seu dereito, unha vez terminado o concurso, para cobrar a parte de crédito non realizada dos bens que o debedor poida ulteriormente adquirir».

Aparecían, segundo estes dous preceptos, dúas ideas principais: a exoneración de pasivo ligada a un convenio entre debedor e acredores e o seu cumprimento, así como o principio de limitación da exoneración en caso de vir o debedor a mellor fortuna, pero tamén circunscrito ao devir do propio convenio. Pero, paradoxalmente, non parecía haber ningunha previsión relativa á exoneración do debedor no caso de que este liquidase o seu patrimonio, é dicir, no caso de que, simplemente, o perdese todo.

O artigo 1920 suscitou ben pronto controversias doutrinarias. Manresa, nos seus comentarios ao Código civil, sinalaba o seguinte: «Esta disposición, criticada por algúns por deixar no incerto os dereitos do debedor derivados do convenio, resulta, no entanto, en extremo xusta, se se teñen en conta as razóns e os motivos en virtude dos cales se autoriza o debedor para celebrar convenios cos acredores dentro ou fóra do xuízo de concurso (...) en consideración ás difíciles circunstancias en que se encontra quen por carecer de bens bastantes para cubrir o seu pasivo (...), non pode satisfacer puntualmente

todas as súas obrigas; (...) nada estraño ten (...) que, desaparecendo a dita razón por ter cesado as dificultades (...), veña obrigado o debedor a satisfacer a parte de crédito non realizada polos seus acredores». E continuaba o mesmo autor sinalando que con iso se conseguiran disipar «as dúbidas que aos intérpretes do noso antigo dereito lles suxería a intelixencia da Lei 3.^a do título 15.^o da partida 5.^a».

Pero o certo é que o artigo 1920 non establecía ningunha gradación da mellora de fortuna nin tampouco ningunha limitación do dereito dos acredores a cobrar, do cal o debedor puidese posteriormente adquirir a parte non satisfeita do crédito. Iso comportaba unha limitación manifesta da capacidade do debedor de mellorar de fortuna e tamén un escaso incentivo para intentar efectivamente a dita mellora.

E é que a Lei das partidas que, en opinión de Manresa, quedara superada polo artigo 1920 do Código civil, era, en certo modo, máis favorable ao debedor, ao sinalar o seguinte: «El desamparamiento que faze el debdor de sus bienes (...) ha tal fuerza que después non puede ser el debdor emplazado, nin es tenido de responder en juyzio a aquellos a quien deuisse algo: fueras ende si oviesse fecho tan gran ganancia, que podría pagar los debdos todos, o parte dellos, e que fincasse a el de que pudiesse vivir». Así pois, a Lei de partidas xa previu a liberación do debedor tras un proceso de liquidación dos seus bens (que non necesariamente de convenio cos acredores) e ademais, en certo modo, estableceu unha modulación da mellor fortuna ao non permitir que esta puidese xogar en prexuízo do debedor salvo cando este puidese pagar todas as súas débedas (ou, en expresión certamente algo confusa, parte delas) sen prexuízo das súas propias condicións de vida, todo iso relacionado con «tan gran ganancia» que en principio se debería considerar atípica.

Cúmprase en 2015 exactamente 750 anos desde que terminou a redacción da grande obra legislativa de Afonso X o Sabio, que inspirou durante varios séculos os ordenamentos xurídicos hispanoamericanos, pero sorprende ver como nesta materia chegaran nalgúns aspectos a uns preceptos máis avanzados que a codificación decimonónica.

A segunda oportunidade que recolle esta lei responde obviamente a unha técnica legislativa máis moderna pero inspírase nuns principios xa presentes, como se acaba de demostrar, no noso dereito histórico. Sempre debe constituír un motivo de confianza nas normas legais o feito de que os seus principios inspiradores non obedezan a unha improvisación senón, antes ben, ao resultado de moitos anos, ou incluso séculos, de reflexión sobre a materia. É preciso que o lexislador fuxa sempre de toda tentación demagóxica que co tempo se poida volver en contra daqueles aos cales pretende beneficiar. Para que a economía medre é preciso que flúa o crédito e que o marco xurídico aplicable dea confianza aos debedores; pero sen minar a dos acredores, pois neste caso produciríase precisamente o efecto contrario ao pretendido, é dicir, o retraemento do crédito ou, ao menos, o seu encarecemento.

Por iso, o mecanismo de segunda oportunidade deseñado por esta lei establece os controis e as garantías necesarios para evitar insolvencias estratéxicas ou facilitar dacións en pagamento selectivas. Trátase de permitir que aquel que o perdeu todo por ter liquidado a totalidade do seu patrimonio en beneficio dos seus acredores se poida ver liberado da maior parte das débedas pendentes tras a referida liquidación. E trátase, igualmente, de cuantificar a mellora de fortuna que, eventualmente, permitirá revogar o dito beneficio polas razóns de xustiza cara aos acredores que tan acertadamente expuxeron autores como Manresa.

Adicionalmente, modifícase a disposición adicional segunda da Lei concursal para explicitar que a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, a Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, así como o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, constitúen lexislación especial aplicable en caso de concurso de determinados tipos de entidades. Esta previsión non afecta o réxime vixente

pois, tal e como prevé o punto primeiro da citada disposición, no concurso deste tipo de entidades aplicaranse as especialidades previstas na súa lexislación específica, como é o caso.

Con iso alcánzase o debido equilibrio e a necesaria xustiza que debe inspirar calquera norma xurídica.

Ademais da regulación do mecanismo de segunda oportunidade e da mellora de certos institutos pre ou paraconcurrais, esta lei contén outras disposicións das cales se dá detalle sistemático a continuación.

II

Esta lei estrutúrase en dez artigos, agrupados en dous títulos, seis disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e vinte e unha disposicións derradeiras.

O título I, baixo a rúbrica «Medidas urxentes para a redución da carga financeira», contén tres artigos de carácter modificativo a través dos cales se dá nova redacción a determinados preceptos doutras tantas normas legais: a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal; o Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos; e a Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social.

O título II, «Outras medidas de orde social», estrutúrase en tres capítulos.

O primeiro deles recolle, nos seus catro artigos, unha serie de medidas relativas ao ámbito tributario e das administracións públicas, a través da modificación de aspectos concretos das seguintes catro normas legais: a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio; a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público; o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, e a Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

O capítulo II contén dúas medidas relativas ao fomento do emprego no ámbito da Seguridade Social. Así, por un lado, establécese un novo incentivo para a creación de emprego estable, consistente na fixación dun mínimo exento na cotización empresarial por contingencias comúns á Seguridade Social pola contratación indefinida de traballadores. En segundo lugar, establécense beneficios de Seguridade Social para aqueles supostos en que o profesional autónomo deba atender obrigas familiares que poidan influír na súa actividade.

A parte dispositiva da lei péchase co capítulo III, «Medidas relativas ao ámbito da Administración de xustiza», do seu título II, en cuxo único artigo se modifica a Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, para adecuar o réxime de taxas xudiciais á concreta situación dos suxeitos obrigados ao seu pagamento.

Polo que se refire á parte final desta lei, as disposicións adicionais primeira a cuarta complementan as modificacións introducidas polo seu título I, ao regularen as funcións de mediación concursal, a remuneración do mediador concursal, a non preceptividade da representación do debedor no concurso consecutivo ou a aplicación informática destinada a actuar como medidor de solvencia. Todas estas previsións regulan cuestións que están directamente relacionadas coas contidas no título I e que resultan necesarias para a súa efectividade. Na disposición adicional quinta regúlase o impulso e a coordinación da negociación colectiva e na sexta o informe de avaliación do funcionamento da conta de garantía arancelaria.

Respecto das disposicións transitorias, a primeira delas establece o réxime transitorio en materia concursal, mentres que na segunda se prevé o réxime aplicable á contratación indefinida formalizada con anterioridade ao 1 de marzo de 2015. Na terceira faise referencia ao arancel de dereitos dos administradores concursais e, na cuarta, ao réxime transitorio de pagamento con cargo á conta de garantía arancelaria.

A disposición derogatoria refírese a cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei, e as disposicións derradeiras establecen determinadas modificacións lexislativas, o título competencial, as habilitacións para o desenvolvemento, a execución e a aplicación da lei e a súa entrada en vigor.

III

As iniciativas contidas no título I desta lei para permitir que as familias e empresas reduzan a súa carga financeira supoñen melloras adicionais, as cales xa se adoptaron durante esta lexislatura, destinadas a aqueles que se encontran nunha situación máis próxima á insolvencia polas súas circunstancias económicas e sociais de vulnerabilidade, sexan pemes e autónomos, ou persoas naturais en xeral.

Estas iniciativas pódense resumir agrupándoas en tres bloques.

En primeiro lugar, propónse flexibilizar os acordos extraxudiciais de pagamentos e prever un verdadeiro mecanismo de segunda oportunidade.

En segundo termo, mellórase tamén o «Código de boas prácticas para a reestruturación viable das débedas con garantía hipotecaria sobre a vivenda habitual», introducido polo Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, do cal xa se beneficiaron preto de 14.000 familias.

Por último, amplíase por un prazo adicional de dous anos a suspensión dos lanzamentos sobre vivendas habituais de colectivos especialmente vulnerables, contido na Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, así como o colectivo que se pode beneficiar desta medida.

Polo que se refire aos acordos extraxudiciais de pagamento regulados no título X da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, as modificacións contidas nesta lei teñen por finalidade flexibilizar o seu contido e efectos e assimilar a súa regulación á dos acordos de refinanciamento da disposición adicional cuarta da Lei concursal. Como elementos principais do novo réxime están a ampliación do seu ámbito de aplicación ás persoas naturais non empresarias para as cales se regula, ademais, un procedemento simplificado; a posibilidade de estender os efectos do acordo aos acredores garantidos disidentes, o que supón un avance fronte ao réxime de sometemento voluntario vixente con anterioridade; e a potenciación da figura do mediador concursal, e introdúcese a posibilidade de que actúen como tal as cámaras de Comercio, Industria, Navegación e Servizos, se o debedor é empresario, ou os notarios, se se trata de persoas naturais non empresarias.

Como novidade fundamental, instáurase un réxime de exoneración de débedas para os debedores persoa natural no marco do procedemento concursal. O sistema de exoneración ten dous piares fundamentais: que o debedor sexa de boa fe e que se liquide previamente o seu patrimonio (ou que se declare a conclusión do concurso por insuficiencia de masa).

Cumpridas as anteriores condicións, o debedor poderá ver exoneradas de forma automática as súas débedas pendentes cando satisfíxese na súa integridade os créditos contra a masa, os créditos concursais privilexiados e, se non intentou un acordo extraxudicial de pagamentos, o 25 por cento dos créditos concursais ordinarios.

Alternativamente, cando non puidese satisfacer os anteriores créditos e sempre que acepte someterse a un plan de pagamentos durante os cinco anos seguintes, o debedor poderá quedar exonerado provisionalmente de todos os seus créditos, excepto os públicos e por alimentos, contra a masa e aqueles que gocen de privilexio xeral. Para a liberación definitiva de débedas, o debedor deberá satisfacer nese período as débedas non exoneradas ou realizar un esforzo substancial para iso.

Respecto do Código de boas prácticas para debedores hipotecarios, amplíase o ámbito subxectivo e increméntase o límite anual de renda das familias beneficiarias, que se calculará con base no IPREM anual de 14 mensualidades, incluíndo como novo suposto de especial vulnerabilidade que o debedor sexa maior de 60 anos, e introdúcese unha nova forma de cálculo do límite do prezo dos bens inmobles adquiridos. Adicionalmente,

introdúcese a non aplicación definitiva das cláusulas só a aqueles debedores situados no novo limiar de exclusión que as tivesen incluídas nos seus contratos.

Por último, amplíase ata 2017 o período de suspensión de lanzamentos sobre vivendas habituais de colectivos especialmente vulnerables, e posibilitase, en termos similares aos previstos para o Código de boas prácticas, que máis persoas se poidan acoller á suspensión.

IV

O título II desta lei contén diversas medidas de índole social.

Así, en primeiro lugar, acométese determinadas medidas no ámbito tributario destinadas a rebaixar a carga fiscal de determinados colectivos especialmente vulnerables. Desta maneira, modifícase a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, coa finalidade de permitir a novos colectivos a aplicación das deducións previstas no artigo 81 bis desta lei.

Desta forma, esténdese o incentivo fiscal non só a ascendentes que forman parte de familias numerosas, senón tamén a aqueles que forman unha familia monoparental con dous descendentes que, entre outros requisitos, dependen e conviven exclusivamente con aquel.

Ao mesmo tempo, permitirase a aplicación das novas deducións reguladas no dito artigo aos contribuíntes que perciban prestacións do sistema público de protección de desemprego ou pensións dos réximes públicos de previsión social ou asimilados e teñan un ascendente ou descendente con discapacidade ao seu cargo ou formen parte dunha familia numerosa ou da familia monoparental sinalada anteriormente, e non soamente aos traballadores por conta propia ou allea.

Adicionalmente, decláranse exentas as rendas que se poidan poñer de manifesto como consecuencia de quitacións e dacións en pagamento de débedas, establecidas nun convenio aprobado xudicialmente conforme o procedemento establecido na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, nun acordo de refinanciamento xudicialmente homologado a que se refire o artigo 71 bis e a disposición adicional cuarta da dita lei, ou nun acordo extraxudicial de pagamentos a que se refire o título X da mesma lei, sempre que as débedas non deriven do exercicio de actividades económicas, xa que, neste caso, o seu réxime está previsto na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 4/2014, do 7 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial.

Por outra parte, co obxecto de aliviar as entidades parcialmente exentas do cumprimento de obrigas formais, mediante o artigo 7 desta lei establécese a exclusión da obriga de presentar declaración no imposto sobre sociedades a aquelas entidades cuxos ingresos totais do período impositivo non superen 50.000 euros anuais, sempre que o importe total dos ingresos correspondentes a rendas non exentas non supere 2.000 euros anuais e que todas as súas rendas non exentas estean sometidas a retención, que non estean suxeitas á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, nin se trate de partidos políticos.

En segundo lugar, no ámbito das administracións públicas, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, introduciu unha serie de medidas no noso ordenamento coa finalidade de homoxeneizar os instrumentos existentes en materia de negociación colectiva, representación e participación do persoal ao servizo das administracións públicas. Entre outras modificacións, o dito real decreto lei efectuou unha nova ordenación das unidades electorais no ámbito da Administración xeral do Estado e estableceu así un marco adecuado no cal poder facer efectivo o procedemento de elección dos representantes dos empregados públicos perante os órganos de negociación e participación. Estes instrumentos de negociación e participación configuran un abano de garantías para a representación do empregado público, de conformidade co previsto polo noso ordenamento

constitucional, que pretenden afianzar a efectiva defensa dos seus dereitos e intereses no ámbito das administracións públicas.

A mesa xeral de negociación da Administración xeral do Estado para materias comúns a persoal funcionario, estatutario e laboral e a mesa xeral de negociación do persoal funcionario da Administración xeral do Estado, na súa sesión conxunta que tivo lugar o 31 de xullo de 2014, acordaron propoñer ao Goberno tres iniciativas de reforma normativa para a mellora dos mecanismos de participación e de negociación colectiva no ámbito da Administración xeral do Estado. A finalidade da dita proposta consiste na introdución dunha serie de adaptacións e melloras técnicas nas medidas de reforma implantadas sobre esta materia polo Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo.

En primeiro lugar, mellórase a articulación contida na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, en materia de órganos de representación do persoal estatutario do ámbito sanitario, do persoal docente non universitario, así como do correspondente ao persoal ao servizo da Administración de xustiza; trátase de colectivos de persoal específico que precisan desta modificación para garantir a súa adecuada representación.

En segundo lugar, introdúcese unha mellora técnica na redacción actual do artigo 35 do Estatuto básico do empregado público que, ao regular a composición e a constitución das mesas de negociación, na súa versión ata agora vixente se refire unicamente a materias que afectan o persoal funcionario, cando resulta necesario que a dita regulación se faga extensible tamén ás materias comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral. Con iso, preténdese dar apoio legal ao que ata agora é unha práctica común na negociación colectiva: efectuar unha negociación global e de conxunto para as distintas tipoloxías de persoal que concorren na Administración.

E en terceiro lugar, introdúcese unha nova disposición adicional no Estatuto básico do empregado público en materia de mesas de negociación correspondentes a ámbitos específicos de negociación, distintos en puridade dos previstos no seu artigo 34.4. Neste sentido, é no dito ámbito onde se leva a cabo a negociación sobre as condicións de traballo e, ben que afecta determinados colectivos de empregados públicos que poden estar adscritos a distintas administracións públicas, en realidade esta negociación recae sobre a competencia da Administración xeral do Estado. Coa introdución desta disposición adicional, preténdese suplir un importante baleiro legal referido a estas mesas, ademais de completar a insuficiencia do réxime normativo ata agora vixente.

Esta distinta dependencia funcional e orgánica dos empregados públicos determina que, para conformar a representación das organizacións sindicais en cada unha das mesas, se deban ter en conta os seus respectivos ámbitos de negociación no seu conxunto e non o dunha Administración pública determinada, como sería o caso das mesas sectoriais reguladas no artigo 34.4 do Estatuto básico do empregado público.

Trátase, en definitiva, de dotar un marco legal específico e apropiado que permita articular adecuadamente a actividade negociadora nos distintos ámbitos en que se articula o sistema de negociación, representación e participación na Administración xeral do Estado e na Administración de xustiza.

Esta iniciativa lexislativa foi impulsada, ademais, polas propias mesas xerais de negociación da Administración xeral do Estado a que se refire os artigos 36.3 e 34.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que, co acordo alcanzado entre a Administración e as organizacións con maior representatividade presentes nestas, solicitaron a súa aprobación.

Xa que se trata dunha modificación proposta polas citadas mesas xerais de negociación, esta proposta normativa cumpre co disposto no artigo 37.1 do Estatuto básico do empregado público, e foi obxecto de negociación e acordo no seo destas.

Pola súa parte, no ámbito das políticas públicas de emprego e Seguridade Social, a redución das cotizacións empresariais por contingencias comúns á Seguridade Social por contratación indefinida, aprobada polo Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro, de medidas urxentes para o fomento do emprego e a contratación indefinida, e que se articula

mediante o establecemento dunha tarifa plana de cotización, constituíu unha medida eficaz para contribuír á creación de emprego estable.

Así, segundo os datos da Enquisa de poboación activa do cuarto trimestre de 2014, o emprego medrou en 433.900 persoas nos 12 últimos meses, cunha variación anual do 2,5 por cento, e o emprego asalariado indefinido incrementouse en 212.800 persoas, un 2,0 por cento.

Co obxectivo de consolidar esta evolución positiva da contratación indefinida e potenciar o seu impacto para os colectivos con maiores dificultades para a inserción laboral estable, e en cumprimento da resolución aprobada polo Congreso dos Deputados con motivo do debate sobre o Estado da Nación do 25 de febreiro de 2015, mediante o artigo 8 desta lei establécese un novo incentivo para a creación de emprego estable, consistente na fixación dun mínimo exento na cotización empresarial por contingencias comúns á Seguridade Social pola contratación indefinida de traballadores.

O establecemento dun mínimo exento supón a creación dun incentivo de carácter progresivo que reduce en maior medida as cotizacións sociais pola contratación estable de traballadores con menores retribucións. Con esta medida, preténdese favorecer aqueles colectivos con máis dificultades de inserción estable no mercado laboral, tales como desempregados de longa duración, traballadores con escasa formación e mozos sen experiencia laboral. Estes colectivos vense máis afectados polo desemprego e a temporalidade.

Ao abeiro desta nova regulación, da cal se poderán beneficiar todas as empresas que contraten de forma indefinida e creen emprego neto, os primeiros 500 euros da base mensual correspondente a contingencias comúns quedarán exentos de cotización empresarial cando o contrato se celebre a tempo completo. Cando o contrato se celebre a tempo parcial, a dita contía reducirase en proporción á porcentaxe en que diminúa a xornada de traballo, que non poderá ser inferior ao 50 por cento da xornada dun traballador a tempo completo.

Este beneficio na cotización consistirá nunha bonificación, a cargo do Servizo Público de Emprego Estatal, en caso de que o contrato indefinido se formalice con mozos inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil, e nunha redución, a cargo do sistema da Seguridade Social, nos demais supostos.

Ao igual que a tarifa plana de cotización, a bonificación ou redución aplicarase durante un período de 24 meses. No caso de empresas con menos de dez traballadores, a medida prolongarase durante 12 meses máis, e quedan exentos durante este último período da aplicación do tipo de cotización os primeiros 250 euros da base de cotización ou a contía que proporcionalmente corresponda nos supostos de contratación a tempo parcial.

Respecto aos requisitos para desfrutar do novo beneficio na cotización, aos supostos en que non procede a súa aplicación, ás incompatibilidades e o reintegro de cantidades por aplicación indebida deste, son moi similares aos establecidos para a tarifa plana de cotización no Real decreto lei 3/2014, do 28 de febreiro, para a continuidade e simplicidade do sistema.

A aplicación da bonificación ou redución a que se refire este artigo 8 non afectará a determinación da contía das prestacións económicas a que poidan causar dereito os traballadores afectados, que se calculará aplicando o importe íntegro da base de cotización que lles corresponda.

Para o suposto de contratación indefinida de beneficiarios do Sistema nacional de garantía xuvenil, permítense a compatibilización dos incentivos previstos no artigo 107 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, e tamén se declara compatible coa axuda económica de acompañamento que perciban os beneficiarios do Programa de activación para o emprego, en caso de formalizarse o contrato con eles.

Por outro lado, en canto á medida prevista no artigo 9, consistente nunha bonificación a traballadores autónomos por conciliación da vida profesional e familiar vinculada á contratación, a previsión da disposición derradeira segunda da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, que establece a converxencia progresiva dos dereitos

dos traballadores autónomos en relación cos establecidos para os traballadores por conta allea incluídos no réxime xeral da Seguridade Social fai necesaria a adopción de sucesivas medidas para o cumprimento do dito obxectivo.

Así, na liña marcada para a equiparación dos dereitos dos traballadores por conta propia fronte aos traballadores por conta allea, e para garantir a protección da conciliación da vida familiar e profesional dos traballadores por conta propia, inclúese unha medida de apoio a estes baseada en beneficios de Seguridade Social para aqueles supostos en que o profesional deba atender obrigas familiares que poidan influír na súa actividade.

A dita medida consiste nunha bonificación na cota do traballador por conta propia á Seguridade Social, nunha contía vinculada á base de cotización media dos últimos doce meses do traballador autónomo, garantindo así a proporcionalidade da medida.

Ademais, o desfrute desta bonificación queda suxeito á contratación dun traballador por conta allea, co que se cumpre un dobre obxectivo. Por un lado, adóptanse medidas que contribúan á viabilidade do proxecto profesional do traballador autónomo e lle permitan facer fronte ás súas obrigas familiares, mantendo a súa actividade profesional. Por outro lado, ao estar vinculada a medida á contratación dun traballador por conta allea, preténdese contribuír á dinamización do mercado de traballo.

Hai que ter en conta que dúas das pezas clave da política da Unión Europea son o principio de igualdade entre homes e mulleres e o fomento do emprendemento.

Ambos os principios converxen na Directiva 2010/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2010, sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen unha actividade autónoma.

Ademais, a Comisión Europea presentou, o 9 de xaneiro de 2013, o Plan de acción de emprendemento 2020, plan polo que a comisión convidaba os Estados membros a que apliquen políticas que permitan que as mulleres consigan un equilibrio adecuado entre o traballo e a vida cotiá.

A citada Directiva 2010/41/UE establecía que, como moi tarde, o 5 de agosto de 2015 os Estados membros deberán transmitir á Comisión Europea toda a información dispoñible sobre a aplicación desta.

Neste ámbito da conciliación entre a vida familiar e profesional enmárcase a regulación específica para o colectivo dos traballadores e traballadoras autónomas que aborda esta lei.

Finalmente, polo que se refire ao artigo 10 desta lei, debe indicarse que, transcorrido un prazo razoable desde a adopción do Real decreto lei 3/2013, do 22 de febreiro, en materia de taxas polo exercicio da potestade xurisdiccional, se puido constatar que resulta inaprazable atender a situación económica desfavorable dun importante número de cidadáns que, non sendo beneficiarios do dereito de asistencia xurídica gratuíta, debe ser obxecto de atención en canto ao impacto que sobre eles está tendo o sistema de taxas polo exercicio da potestade xurisdiccional.

Neste sentido, as modificacións que se introducen comportan un efecto favorable inmediato, dado que a entrada en vigor desta lei supoñerá a exención do pagamento da taxa por parte das persoas físicas.

TÍTULO I

Medidas urxentes para a redución da carga financeira

Artigo 1. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

A Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, modifícase nos seguintes termos:

Primeiro. Modificacións en materia de segunda oportunidade.

Un. Modifícase a redacción do punto 2 do artigo 178 nos seguintes termos:

«2. Fóra dos supostos previstos no artigo seguinte, nos casos de conclusión do concurso por liquidación ou insuficiencia de masa activa, o debedor persoa

natural quedará responsable do pagamento dos créditos restantes. Os acredores poderán iniciar execucións singulares, mentres non se acorde a reapertura do concurso ou non se declare novo concurso. Para tales execucións, a inclusión do seu crédito na lista definitiva de acredores equipárase a unha sentenza de condena firme.»

Dous. Engádesse un novo artigo 178 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 178 bis. *Beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito.*

1. O debedor persoa natural poderá obter o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito nos termos establecidos neste artigo, unha vez concluído o concurso por liquidación ou por insuficiencia da masa activa.

2. O debedor deberá presentar a súa solicitude de exoneración do pasivo insatisfeito ante o xuíz do concurso dentro do prazo de audiencia que se lle conferise, de conformidade co establecido no artigo 152.3.

3. Só se admitirá a solicitude de exoneración do pasivo insatisfeito aos debedores de boa fe. Entenderase que concorre boa fe no debedor sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que o concurso non fose declarado culpable. Non obstante, se o concurso fose declarado culpable por aplicación do artigo 165.1.1.º, o xuíz poderá conceder o beneficio, atendidas as circunstancias e sempre que non se apreciase dolo ou culpa grave do debedor.

2.º Que o debedor non fose condenado en sentenza firme por delitos contra o patrimonio, contra a orde socioeconómica, de falsidade documental, contra a Facenda pública e a Seguridade Social ou contra os dereitos dos traballadores nos 10 anos anteriores á declaración de concurso. Se existise un proceso penal pendente, o xuíz do concurso deberá suspender a súa decisión respecto da exoneración do pasivo ata que exista sentenza penal firme.

3.º Que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 231, celebrese ou, ao menos, intentase celebrar un acordo extraxudicial de pagamentos.

4.º Que satisfíxese na súa integridade os créditos contra a masa e os créditos concursais privilexiados e, se non intentase un acordo extraxudicial de pagamentos previo, ao menos, o 25 por cento do importe dos créditos concursais ordinarios.

5.º Que, alternativamente ao número anterior:

i) Acepte someterse ao plan de pagamentos previsto no número 6.

ii) Non incumprise as obrigas de colaboración establecidas no artigo 42.

iii) Non obtívese este beneficio dentro dos dez últimos anos.

iv) Non rexeitase dentro dos catro anos anteriores á declaración de concurso unha oferta de emprego adecuada á súa capacidade.

v) Acepte de forma expresa, na solicitude de exoneración do pasivo insatisfeito, que a obtención deste beneficio se fará constar na sección especial do Rexistro Público Concursal por un prazo de cinco anos. Unicamente terán acceso a esta sección as persoas que teñan interese lexítimo en coñecer a situación do debedor, entendéndose, en todo caso, que teñen interese aqueles que realicen unha oferta en firme ao debedor, xa sexa de crédito ou de calquera outra entrega de bens ou prestación de servizos, que teña que ser remunerada ou devolta por este e que estea condicionada á súa solvencia, así como as administracións públicas e órganos xurisdiccionais habilitados legalmente para requirir a información necesaria para o exercicio das súas funcións. A persoa que estea a cargo do Rexistro público concursal realizará a apreciación do dito interese.

4. Da solicitude do debedor dará traslado o secretario xudicial á Administración concursal e aos acredores comparecidos por un prazo de cinco días para que aleguen canto consideren oportuno en relación coa concesión do beneficio.

Se a Administración concursal e os acredores comparecidos mostran a súa conformidade por petición do debedor ou non se opoñen a esta, o xuíz do concurso concederá, con carácter provisional, o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito na resolución, e declarará a conclusión do concurso por fin da fase de liquidación.

A oposición só se poderá fundar na inobservancia dalgún ou algúns dos requisitos do número 3 e daráselle o trámite do incidente concursal. Non se poderá ditar auto de conclusión do concurso ata que gañe firmeza a resolución que se dite no incidente e recoñeza ou denegue o beneficio.

5. O beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito concedido aos debedores previstos no ordinal 5.º do número 3 estenderase á parte insatisfeita dos seguintes créditos:

1.º Os créditos ordinarios e subordinados pendentes na data de conclusión do concurso, aínda que non fosen comunicados, e exceptuando os créditos de dereito público e por alimentos.

2.º Respecto dos créditos enumerados no artigo 90.1, a parte destes que non se puidese satisfacer coa execución da garantía quedará exonerada salvo que quedase incluída, segundo a súa natureza, nalgunha categoría distinta á de crédito ordinario ou subordinado.

Os acredores cuxos créditos se extingan non poderán iniciar ningún tipo de acción dirixida fronte ao debedor para o seu cobramento.

Quedan a salvo os dereitos dos acredores fronte aos obrigados solidariamente co concursado e fronte aos seus fiadores ou avalistas, os cales non poderán invocar o beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito obtido polo concursado nin subrogarse polo pagamento posterior á liquidación nos dereitos que o acredor tivese contra aquel, salvo que se revogase a exoneración concedida.

Se o concursado tivese un réxime económico matrimonial de gananciais ou outro de comunidade e non se procedese á liquidación do dito réxime, o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito estenderase ao cónxuxe do concursado, aínda que non fose declarado o seu propio concurso, respecto das débedas anteriores á declaración de concurso das cales debese responder o patrimonio común.

6. As débedas que non queden exoneradas conforme o disposto no punto anterior deberán ser satisfeitas polo concursado dentro dos cinco anos seguintes á conclusión do concurso, salvo que tivesen un vencemento posterior. Durante os cinco anos seguintes á conclusión do concurso, as débedas pendentes non poderán devindicar xuro.

Para tal efecto, o debedor deberá presentar unha proposta de plan de pagamentos que, tras oír as partes por prazo de 10 días, será aprobada polo xuíz nos termos en que se presentase ou coas modificacións que coide oportunas.

Respecto dos créditos de dereito público, a tramitación das solicitudes de aprazamento ou fraccionamento rexeráse polo disposto na súa normativa específica.

7. Calquera acredor concursal estará lexitimado para solicitar do xuíz do concurso a revogación do beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito cando, durante os cinco anos seguintes á súa concesión, se constatase a existencia de ingresos, bens ou dereitos do debedor ocultados. Exceptúanse desta previsión os bens inembargables conforme o disposto nos artigos 605 e 606 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

Tamén se poderá solicitar a revogación se, durante o prazo fixado para o cumprimento do plan de pagamentos:

a) Incorre nalgunha das circunstancias que, conforme o establecido no número 3, impidise a concesión do beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito.

b) Se é o caso, incumpre a obriga de pagamento das débedas non exoneradas conforme o disposto no plan de pagamentos, ou

c) Mellora substancialmente a situación económica do debedor por causa de herdanza, legado ou doazón; ou xogo de sorte, envite ou azar, de maneira que poida pagar todas as débedas pendentes sen detrimento das súas obrigas de alimentos.

A solicitude tramitarase conforme o establecido na Lei de axuízamento civil para o xuízo verbal. En caso de que o xuíz acorde a revogación do beneficio, os acredores recuperan a plenitude das súas accións fronte ao debedor para facer efectivos os créditos non satisfeitos no momento da conclusión do concurso.

8. Transcorrido o prazo fixado para o cumprimento do plan de pagamentos sen que se revogase o beneficio, o xuíz do concurso, por petición do debedor concursado, ditará auto no cal recoñecerá con carácter definitivo a exoneración do pasivo insatisfeito no concurso.

Tamén poderá, atendendo ás circunstancias do caso e logo de audiencia dos acredores, declarar a exoneración definitiva do pasivo insatisfeito do debedor que non cumprise na súa integridade o plan de pagamentos pero destinase ao seu cumprimento, ao menos, a metade dos ingresos percibidos durante o prazo de cinco anos desde a concesión provisional do beneficio que non tivesen a consideración de inembargables, ou a cuarta parte dos ditos ingresos, cando concorresen no debedor as circunstancias previstas no artigo 3.1, letras a) e b), do Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, respecto dos ingresos da unidade familiar e circunstancias familiares de especial vulnerabilidade.

Para os efectos deste artigo, enténdese por ingresos inembargables os previstos no artigo 1 do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.

Contra a dita resolución, que se publicará no Rexistro Público Concursal, non caberá recurso ningún. Non obstante, a exoneración definitiva poderá revogarse cando concorra a causa prevista no parágrafo primeiro do punto anterior.»

Tres. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 176 bis, que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. Unha vez distribuída a masa activa, a administración concursal presentará ao xuíz do concurso un informe xustificativo que afirmará e razoará inescusablemente que o concurso non será cualificado como culpable e que non existen accións viables de reintegración da masa activa nin de responsabilidade de terceiros pendentes de ser exercidas, ou ben que o que se poida obter das correspondentes accións non sería suficiente para o pagamento dos créditos contra a masa. Non impedirá a declaración de insuficiencia de masa activa que o debedor manteña a propiedade de bens legalmente inembargables ou desprovistos de valor de mercado ou cuxo custo de realización sería manifestamente desproporcionado respecto do seu previsible valor venal.

O informe poñerase de manifesto na oficina xudicial durante quince días para todas as partes comparecidas.

A conclusión por insuficiencia de masa acordarase mediante auto. Se no prazo de audiencia concedido ás partes se formula oposición á conclusión do concurso, daráselle a tramitación do incidente concursal. Durante este prazo, o debedor persoa natural poderá solicitar a exoneración do pasivo insatisfeito. A tramitación da dita solicitude, os requisitos para beneficiarse da exoneración e os seus efectos rexeranse polo disposto no artigo 178 bis.

4. Tamén se poderá acordar a conclusión por insuficiencia de masa no mesmo auto de declaración de concurso cando o xuíz aprecie, de maneira evidente, que o patrimonio do concursado non será presumiblemente suficiente para a satisfacción

dos previsibles créditos contra a masa do procedemento nin é previsible o exercicio de acción de reintegración, de impugnación ou de responsabilidade de terceiros.

Se o concursado é persoa natural, o xuíz designará un administrador concursal que deberá liquidar os bens existentes e pagar os créditos contra a masa seguindo a orde do número 2. Unha vez concluída a liquidación, o debedor poderá solicitar a exoneración do pasivo insatisfeito perante o xuíz do concurso. A tramitación da solicitude, os requisitos para beneficiarse da exoneración e os seus efectos rexeranse polo disposto no artigo 178 bis.

Contra este auto poderá interpoñerse recurso de apelación.»

Segundo. Modificacións en materia de acordo extraxudicial de pagamentos.

Un. Modifícase o artigo 231, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 231. *Orzamentos.*

1. O debedor persoa natural que se encontre en situación de insolvencia de acordo co disposto no artigo 2 desta lei, ou que prevexa que non poderá cumprir regularmente coas súas obrigas, poderá iniciar un procedemento para alcanzar un acordo extraxudicial de pagamentos cos seus acredores, sempre que a estimación inicial do pasivo non supere os cinco millóns de euros. No caso de debedor persoa natural empresario, deberá achegarse o correspondente balance.

Para os efectos deste título, consideraranse empresarios persoas naturais non soamente aqueles que tivesen tal condición de acordo coa lexislación mercantil, senón aqueles que exerzan actividades profesionais ou teñan aquela consideración para os efectos da lexislación da Seguridade Social, así como os traballadores autónomos.

2. Tamén poderá instar o mesmo acordo calquera persoa xurídica, sexa ou non sociedade de capital, que cumpra as seguintes condicións:

- a) Se encontre en estado de insolvencia.
- b) En caso de ser declarada en concurso, o dito concurso non revista especial complexidade, nos termos previstos no artigo 190 desta lei.
- c) Que dispoña de activos suficientes para satisfacer os gastos propios do acordo.

3. Non poderán formular solicitude para alcanzar un acordo extraxudicial de pagamentos:

1.º Aqueles que fosen condenados en sentenza firme por delito contra o patrimonio, contra a orde socioeconómica, de falsidade documental, contra a Facenda pública, a Seguridade Social ou contra os dereitos dos traballadores, nos 10 anos anteriores á declaración de concurso.

2.º As persoas que, dentro dos cinco últimos anos, alcanzasen un acordo extraxudicial de pagamentos cos acredores, obtivesen a homologación xudicial dun acordo de refinanciamento ou fosen declaradas en concurso de acredores.

O cómputo do dito prazo comezará a contar, respectivamente, desde a publicación no Rexistro Público Concursal da aceptación do acordo extraxudicial de pagamentos, da resolución xudicial que homologue o acordo de refinanciamento ou do auto que declare a conclusión do concurso.

4. Non poderán acceder ao acordo extraxudicial de pagamentos aqueles que se encontren negociando cos seus acredores un acordo de refinanciamento ou cuxa solicitude de concurso fose admitida a trámite.

5. Os créditos con garantía real veranse afectados polo acordo extraxudicial, conforme o disposto polos artigos 238 e 238 bis.

Os créditos de dereito público non poderán en ningún caso verse afectados polo acordo extraxudicial, aínda que gocen de garantía real.

Non poderán acudir ao procedemento previsto neste título as entidades aseguradoras e reaseguradoras.»

Dous. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 232, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. A solicitude farase mediante formulario normalizado suscrito polo debedor e incluírá un inventario co efectivo e os activos líquidos de que dispón, os bens e dereitos de que sexa titular e os ingresos regulares previstos. Xuntarase tamén unha lista de acredores, especificando a súa identidade, domicilio e enderezo electrónico, con expresión da contía e do vencemento dos respectivos créditos, na cal se incluírán unha relación dos contratos vixentes e unha relación de gastos mensuais previstos. O disposto no artigo 164.2.2.º será de aplicación, en caso de concurso consecutivo, á solicitude de acordo extraxudicial de pagamentos.

O contido dos formularios normalizados de solicitude, de inventario e de listaxe de acredores determinarase mediante orde do Ministerio de Xustiza.

Esta lista de acredores tamén comprenderá os titulares de préstamos ou créditos con garantía real ou de dereito público sen prexuízo de que poidan non verse afectados polo acordo. Para a valoración dos préstamos ou créditos con garantía real haberá que atermos ao disposto no artigo 94.5.

Se o debedor é persoa casada, salvo que se encontre en réxime de separación de bens, indicará a identidade do cónxuxe, con expresión do réxime económico do matrimonio, e se está legalmente obrigado ao mantemento de contabilidade, xuntará, así mesmo, as contas anuais correspondentes aos tres últimos exercicios.

Cando os cónxuxes sexan propietarios da vivenda familiar e se poida ver afectada polo acordo extraxudicial de pagamentos, a solicitude de acordo extraxudicial deberán realizala necesariamente ambos os cónxuxes ou un deles co consentimento do outro.

3. En caso de que os debedores sexan empresarios ou entidades inscribibles, solicitarase a designación do mediador ao rexistrador mercantil correspondente ao domicilio do debedor mediante instancia que poderá ser cursada telematicamente, o cal procederá á apertura da folla correspondente, en caso de non figurar inscrito. Nos demais casos solicitarase a designación ao notario do domicilio do debedor.

No caso de persoas xurídicas ou de persoa natural empresario, a solicitude tamén poderá dirixirse ás cámaras oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación cando asumisen funcións de mediación, de conformidade coa súa normativa específica, e á Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España.

O receptor da solicitude comprobará o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 231, os datos e a documentación achegados polo debedor. Se considera que a solicitude ou a documentación adxunta teñen algún defecto ou que esta é insuficiente para acreditar o cumprimento dos requisitos legais para iniciar un acordo extraxudicial de pagamentos, sinalará ao solicitante un único prazo de emenda, que non poderá exceder os cinco días. A solicitude non se admitirá cando o debedor non xustifique o cumprimento dos requisitos legalmente exixidos para solicitar a iniciación do acordo extraxudicial, e poderá presentarse unha nova solicitude cando concorran ou poida acreditarse a concorrencia dos ditos requisitos.»

Tres. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 233, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. O nomeamento de mediador concursal deberá recaer na persoa natural ou xurídica á cal de forma secuencial corresponda de entre as que figuren na listaxe oficial que se publicará no portal correspondente do «Boletín Oficial del Estado», a cal será subministrada polo Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza. O mediador concursal deberá reunir a condición de mediador,

de acordo coa Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, e, para actuar como administrador concursal, as condicións previstas no artigo 27.

Regulamentariamente determinaranse as regras para o cálculo da retribución do mediador concursal, que se deberá fixar na súa acta de nomeamento. En todo caso, a retribución que vaia percibir dependerá do tipo de debedor, do seu pasivo e activo e do éxito alcanzado na mediación. En todo o non previsto nesta lei en canto ao mediador concursal, haberá que aterse ao disposto en materia de nomeamento de expertos independentes.

2. Ao aceptar o nomeamento, o mediador concursal deberá facilitar ao rexistrador mercantil ou notario, se fose nomeado por estes, un enderezo electrónico que cumpra coas condicións establecidas no artigo 29.6 desta lei, en que os acredores poderán realizar calquera comunicación ou notificación.

3. O rexistrador ou o notario procederá ao nomeamento de mediador concursal. Cando a solicitude se dirixa a unha cámara oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación ou á Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, a propia cámara asumirá as funcións de mediación, conforme o disposto na Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación, e designará unha comisión encargada de mediación, en cuxo seo deberá figurar, ao menos, un mediador concursal. Unha vez que o mediador concursal acepte o cargo, o rexistrador mercantil, o notario ou a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación dará conta do feito por certificación ou copia remitidas aos rexistros públicos de bens competentes para a súa constancia por anotación preventiva na correspondente folla rexistral, así como ao Rexistro Civil e aos demais rexistros públicos que corresponda, comunicará de oficio a apertura de negociacións ao xuíz competente para a declaración de concurso e ordenará a súa publicación no Rexistro Público Concursal.»

Catro. Suprímese o número 4 e modifícanse os números 1 e 2 do artigo 234, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Nos dez días seguintes á aceptación do cargo, o mediador concursal comprobará os datos e a documentación achegados polo debedor, e poderalle requirir o seu complemento ou emenda ou instalo a corrixir os erros que poida haber.

Nese mesmo prazo, comprobará a existencia e a contía dos créditos e convocará o debedor e os acredores que figuren na listaxe presentada polo debedor, ou de cuxa existencia teña coñecemento por calquera outro medio, a unha reunión que se celebrará dentro dos dous meses seguintes á aceptación, na localidade onde o debedor teña o seu domicilio. Excluíranse da convocatoria, en todo caso, os acredores de dereito público.

2. A convocatoria da reunión entre o debedor e os acredores realizarase por conduto notarial ou por calquera medio de comunicación, individual e escrita, que asegure a recepción.

Se consta o enderezo electrónico dos acredores por achegalo o debedor ou facilitalo aqueles ao mediador concursal nos termos que se indican na letra c) do artigo 235.2, a comunicación deberá realizarse ao citado enderezo electrónico.»

Cinco. Modifícase o artigo 235, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 235. *Efectos da iniciación do expediente.*

1. Unha vez solicitada a apertura do expediente, o debedor poderá continuar coa súa actividade laboral, empresarial ou profesional. Desde a presentación da solicitude, o debedor absterase de realizar calquera acto de administración e disposición que exceda os actos ou operacións propias do xiro ou tráfico da súa actividade.

2. Desde a comunicación da apertura das negociacións ao xulgado competente para a declaración do concurso, os acredores que se poidan ver afectados polo posible acordo extraxudicial de pagamentos:

a) Non poderán iniciar nin continuar execución xudicial ou extraxudicial ningunha sobre o patrimonio do debedor mentres se negocia o acordo extraxudicial ata un prazo máximo de tres meses. Exceptúanse os acredores de créditos con garantía real, que non recaia sobre bens ou dereitos que resulten necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor nin sobre a súa vivenda habitual. Cando a garantía recaia sobre os bens citados no inciso anterior, os acredores poderán exercer a acción real que lles corresponda fronte aos bens e dereitos sobre os cales recaia a súa garantía sen prexuízo de que, unha vez iniciado o procedemento, quede paralizado mentres non transcorran os prazos previstos neste número.

Practicada a correspondente anotación da apertura do procedemento nos rexistros públicos de bens, non se poderán anotar respecto dos bens do debedor instante embargos ou secuestros posteriores á presentación da solicitude do nomeamento de mediador concursal, salvo os que poidan corresponder no curso de procedementos seguidos polos acredores de dereito público.

b) Deberán absterse de realizar ningún acto dirixido a mellorar a situación en que se encontren respecto do debedor común.

c) Poderán facilitar ao mediador concursal un enderezo electrónico para que este lles practique cantas comunicacións sexan necesarias ou convenientes, e producirán plenos efectos as que se remitan ao enderezo facilitado.

3. Durante o prazo de negociación do acordo extraxudicial de pagamentos e respecto dos créditos que se poidan ver afectados por este, suspenderase a devindicación de xuros de conformidade co disposto polo artigo 59.

4. O acredor que dispoña de garantía persoal para a satisfacción do crédito poderá exercela sempre que o crédito contra o debedor vencese. Na execución da garantía, os garantes non poderán invocar a solicitude do debedor en prexuízo do executante.

5. O debedor que se encontre negociando un acordo extraxudicial non poderá ser declarado en concurso, mentres non transcorra o prazo previsto no artigo 5 bis.5.»

Seis. Modifícase o artigo 236, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 236. *Proposta de acordo extraxudicial de pagamentos.*

1. Tan pronto como sexa posible, e en calquera caso cunha antelación mínima de vinte días naturais á data prevista para a celebración da reunión, o mediador concursal remitiralles aos acredores, co consentimento do debedor, unha proposta de acordo extraxudicial de pagamentos sobre os créditos pendentes de pagamento na data da solicitude. A proposta poderá conter calquera das seguintes medidas:

a) Esperas por un prazo non superior a dez anos.
b) Quitacións.
c) Cesión de bens ou dereitos aos acredores en pagamento ou para pagamento de totalidade ou parte dos seus créditos.

d) A conversión de débeda en accións ou participacións da sociedade debedora. Neste caso haberá que atermos ao disposto no número 3.b).3.º ii) da disposición adicional cuarta.

e) A conversión de débeda en préstamos participativos, por un prazo non superior a dez anos, en obrigas convertibles ou préstamos subordinados, en préstamos con xuros capitalizables ou en calquera outro instrumento financeiro de rango, vencemento ou características distintas da débeda orixinal.

Só se poderá incluír a cesión en pagamento de bens ou dereitos aos acredores sempre que os bens ou dereitos cedidos non resulten necesarios para a continuación da actividade profesional ou empresarial e que o seu valor razoable, calculado conforme o disposto no artigo 94.5, sexa igual ou inferior ao crédito que se extingue. Se é superior, a diferenza deberase integrar no patrimonio do debedor. Se se trata de bens afectos a garantía, será de aplicación o disposto polo artigo 155.4.

En ningún caso a proposta poderá consistir na liquidación global do patrimonio do debedor para satisfacción das súas débedas nin poderá alterar a orde de prelación de créditos legalmente establecida, salvo que os acredores postergados consintan expresamente.

2. A proposta incluírá un plan de pagamentos con detalle dos recursos previstos para o seu cumprimento e un plan de viabilidade, e conterá unha proposta de cumprimento regular das novas obrigas que incluírá, se é o caso, a fixación dunha cantidade en concepto de alimentos para o debedor e a súa familia, e dun plan de continuación da actividade profesional ou empresarial que desenvolvese. Tamén se incluírá copia do acordo ou da solicitude de aprazamento dos créditos de dereito público ou, ao menos, das datas de pagamento destes, se non se van satisfacer nos seus prazos de vencemento.

3. Dentro dos dez días naturais posteriores ao envío da proposta de acordo polo mediador concursal aos acredores, estes poderán presentar propostas alternativas ou propostas de modificación. Transcorrido o prazo citado, o mediador concursal remitiralles aos acredores o plan de pagamentos e viabilidade final aceptado polo debedor.

4. O mediador concursal deberá solicitar de inmediato a declaración de concurso de acredores se, antes de transcorrido o prazo mencionado no número 3 deste artigo, deciden non continuar coas negociacións os acredores que representen, ao menos, a maioría do pasivo que se poida ver afectada polo acordo e o debedor se encontra en situación de insolvencia actual ou inminente.»

Sete. Modifícase o artigo 238, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 238. *O acordo extraxudicial de pagamentos.*

1. Para que o acordo extraxudicial de pagamentos se considere aceptado, serán necesarias as seguintes maiorías, calculadas sobre a totalidade do pasivo que poida resultar afectado polo acordo:

a) Se votase a favor deste o 60 por cento do pasivo que se poida ver afectado polo acordo extraxudicial de pagamentos, os acredores cuxos créditos non gocen de garantía real ou pola parte dos créditos que exceda o valor da garantía real quedarán sometidos ás esperas, xa sexan de principal, de xuros ou de calquera outra cantidade dedida, cun prazo non superior a cinco anos, a quitacións non superiores ao 25 por cento do importe dos créditos, ou á conversión de débeda en préstamos participativos durante o mesmo prazo.

b) Se votase a favor deste o 75 por cento do pasivo que se poida ver afectado polo acordo extraxudicial de pagamentos, os acredores cuxos créditos non gocen de garantía real ou pola parte dos créditos que exceda o valor da garantía real quedarán sometidos ás esperas cun prazo de cinco anos ou máis, pero en ningún caso superior a dez, a quitacións superiores ao 25 por cento do importe dos créditos, e ás demais medidas previstas no artigo 236.

2. Se a proposta fose aceptada polos acredores, o acordo elevarase inmediatamente a escritura pública, que pechará o expediente que o notario abra. Para os abertos polo rexistrador mercantil ou pola cámara oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación, presentarase perante o Rexistro Mercantil copia da escritura para que o rexistrador poida pechar o expediente. O notario, o rexistrador ou a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación

comunicará o peche do expediente ao xulgado que vaia tramitar o concurso. Igualmente, darase conta do feito por certificación ou copia remitidas aos rexistros públicos de bens competentes para a cancelación das anotacións practicadas. Así mesmo, publicará a existencia do acordo no Rexistro Público Concursal por medio dun anuncio que conterá os datos que identifiquen o debedor, incluíndo o seu número de identificación fiscal, o rexistrador ou notario competente ou a cámara oficial de comercio, industria, servizos e navegación, o número de expediente de nomeamento do mediador, o nome do mediador concursal, incluíndo o seu número de identificación fiscal, e a indicación de que o expediente está á disposición dos acredores interesados no Rexistro Mercantil, notaría ou cámara oficial de comercio, industria, servizos e navegación correspondente para a publicidade do seu contido.

3. Se a proposta se acepta e o debedor continúa incurso en insolvencia, o mediador concursal solicitará inmediatamente do xuíz competente a declaración de concurso, que o xuíz acordará tamén de forma inmediata. Se é o caso, instará tamén do xuíz a conclusión do concurso por insuficiencia de masa activa, nos termos previstos no artigo 176 bis desta lei.

4. Os acordos extraxudiciais de pagamentos adoptados polas maiorías e cos requisitos descritos neste título non poderán ser obxecto de rescisión concursal nun eventual concurso de acredores posterior.»

Oito. Introdúcese un artigo 238 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 238 bis. *Extensión subxectiva.*

1. O contido do acordo extraxudicial vinculará o debedor e os acredores descritos no número 1 do artigo precedente.

2. Os acredores con garantía real, pola parte do seu crédito que non exceda o valor da garantía, unicamente quedarán vinculados polo acordo se votasen a favor deste.

3. Non obstante, os acredores con garantía real que non aceptasen o acordo, pola parte dos seus créditos que non excedan o valor da garantía, quedarán vinculados ás medidas previstas nas letras a) e b) do número 1 do artigo anterior, sempre que estas fosen acordadas, co alcance que se conveña, polas seguintes maiorías, calculadas en función da proporción do valor das garantías aceptantes sobre o valor total das garantías outorgadas:

a) Do 65 por cento, cando se trate das medidas previstas no número 1 a) do artigo anterior.

b) Do 80 por cento, cando se trate das medidas previstas no número 1 b) do artigo anterior.»

Nove. Modifícanse os números 2 e 4 do artigo 239, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. A impugnación non suspenderá a execución do acordo e só se poderá fundar na falta de concurrencia das maiorías exixidas para a adopción do acordo tendo en conta, se é o caso, os acredores que, debendo concorrer, non fosen convocados, na superación dos límites establecidos polo artigo 236.1 ou na desproporción das medidas acordadas.»

«4. A sentenza de anulación do acordo publicarase no Rexistro Público Concursal.»

Dez. Modifícase o artigo 240, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 240. *Efectos do acordo sobre os acredores.*

1. Ningún acredor afectado polo acordo poderá iniciar ou continuar execucións contra o debedor por débedas anteriores á comunicación da apertura do expediente.

O debedor poderá solicitar a cancelación dos correspondentes embargos do xuíz que os ordenase.

2. Por virtude do acordo extraxudicial, os créditos quedarán aprazados, remitidos ou extinguidos conforme o pactado.

3. Os acredores que non aceptasen ou que mostrasen a súa desconformidade co acordo extraxudicial de pagamentos e resultasen afectados por este, manterán os seus dereitos fronte aos obrigados solidariamente co debedor e fronte aos seus fiadores ou avalistas, que non poderán invocar a aprobación do acordo extraxudicial en prexuízo daqueles.

4. Respecto dos acredores que subscribisen o acordo extraxudicial, o mantemento dos seus dereitos fronte aos demais obrigados, fiadores ou avalistas, dependerá do que se acordase na respectiva relación xurídica.»

Once. Modifícase o número 2 do artigo 241, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Se o acordo extraxudicial de pagamentos fose integramente cumprido, o mediador concursal farao constar en acta notarial que se publicará no Rexistro Público Concursal.»

Doce. Modifícase o artigo 242, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 242. *Especialidades do concurso consecutivo.*

1. Terá a consideración de concurso consecutivo o que se declare por solicitude do mediador concursal, do debedor ou dos acredores, pola imposibilidade de alcanzar un acordo extraxudicial de pagamentos ou polo seu incumprimento.

Igualmente, terá a consideración de concurso consecutivo o que sexa consecuencia da anulación do acordo extraxudicial alcanzado.

2. O concurso consecutivo rexerese polo disposto para o procedemento abreviado, coas seguintes especialidades:

1.^a Se a solicitude de concurso a formula o debedor ou o mediador concursal, deberá xuntarse unha proposta anticipada de convenio ou un plan de liquidación que se rexerán, respectivamente, polo disposto nos capítulos I e II do título V.

Á solicitude formulada polo mediador concursal xuntaranse, ademais, os seguintes documentos:

a) O informe a que se refire o artigo 75, ao cal se lle dará a publicidade prevista no artigo 95, unha vez transcorrido o prazo de comunicación de créditos e logo de incorporación das correccións que sexan necesarias.

b) En caso de concurso de persoa natural, deberá, así mesmo, pronunciarse sobre a concorrencia dos requisitos establecidos legalmente para o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito nos termos previstos no artigo 178 bis ou, en caso de que proceda, sobre a apertura da sección de cualificación.

Se o cargo de administrador concursal recae en persoa distinta do mediador concursal ou a solicitude de concurso a presenta o debedor ou un acredor, o informe do artigo 75 deberase presentar nos dez días seguintes ao transcurso do prazo de comunicación de créditos.

Se o concurso se iniciase por solicitude dos acredores, o debedor poderá presentar unha proposta anticipada de convenio ou un plan de liquidación dentro dos quince días seguintes ao de declaración de concurso.

2.^a Salvo xusta causa, o xuíz designará administrador do concurso o mediador concursal no auto de declaración de concurso, o cal non poderá percibir por este concepto máis retribución que a que lle fose fixada no expediente de mediación extraxudicial. No concurso consecutivo deixará de rexer o principio de

confidencialidade para o mediador concursal que continúe coas funcións de administrador concursal.

O nomeamento de administrador, sexa ou non designado o mediador concursal, efectuarao o xuíz no auto de declaración de concurso.

3.^a Terán tamén a consideración de créditos contra a masa os gastos do expediente extraxudicial e os demais créditos que, conforme o artigo 84, teñan tal consideración e se xerasen durante a tramitación do expediente extraxudicial, que non fosen satisfeitos.

4.^a O prazo de dous anos para a determinación dos actos rescindibles contarase desde a data da solicitude do debedor ao rexistrador mercantil, notario ou cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación.

5.^a Non necesitarán solicitar recoñecemento os titulares de créditos que asinasen o acordo extraxudicial.

6.^a Os acredores poderán impugnar, no prazo establecido no artigo 96, o informe da administración concursal e tramitar a impugnación de acordo co establecido no artigo 191.4.

7.^a Se se admite a trámite a proposta anticipada de convenio, seguirase a tramitación prevista no artigo 191 bis.

8.^a Se o debedor ou o mediador solicitasen a liquidación, e nos casos de non admisión a trámite, falta de presentación, falta de aprobación ou incumprimento da proposta anticipada de convenio, abrírase necesaria e simultaneamente a fase de liquidación que se rexerá polo disposto no título V. Se non o fai o debedor, o administrador concursal presentará un plan de liquidación, no prazo improrrogable de dez días desde a apertura da fase de liquidación.

O concursado e os acredores, dentro do prazo de alegacións ao plan de liquidación, poderán formular tamén observacións sobre a concurrencia dos requisitos exixidos para acordar o beneficio da exoneración do pasivo non satisfeito do concursado persoa natural. Os acredores tamén poderán solicitar, mediante escrito razoado, a apertura da sección de cualificación.

9.^a No caso de debedor persoa natural, se o concurso se cualifica como fortuíto, o xuíz, no auto de conclusión de concurso, declarará a exoneración do pasivo insatisfeito na liquidación, sempre que se cumpran os requisitos e cos efectos do artigo 178 bis.»

Trece. Engádesse un artigo 242 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 242 bis. *Especialidades do acordo extraxudicial de pagamentos de persoas naturais non empresarios.*

1. O acordo extraxudicial de pagamentos de persoas naturais non empresarios rexeráse polo disposto neste título, coas seguintes especialidades:

1.º A solicitude deberá presentarse ante o notario do domicilio do debedor.

2.º O notario, unha vez constatada a suficiencia da documentación achegada e a procedencia da negociación do acordo extraxudicial de pagamentos deberá, de oficio, comunicar a apertura das negociacións ao xulgado competente para a declaración do concurso.

3.º O notario impulsará as negociacións entre o debedor e os seus acredores e poderá designar, se o considera conveniente ou o solicita o debedor, un mediador concursal. O nomeamento do mediador concursal deberá realizarse nos cinco días seguintes á recepción polo notario da solicitude do debedor, e o mediador deberá aceptar o cargo nun prazo de cinco días.

4.º As actuacións notariais ou rexistrais descritas no artigo 233 non devindicarán retribución arancelaria ningunha.

5.º O prazo para a comprobación da existencia e contía dos créditos e para realizar a convocatoria da reunión entre debedor e acredores será de quince días desde a notificación ao notario da solicitude ou de dez días desde a aceptación do

cargo polo mediador, se se designa mediador. A reunión deberá celebrarse nun prazo de trinta días desde a súa convocatoria.

6.º A proposta de acordo remitirase cunha antelación mínima de quince días naturais á data prevista para a celebración da reunión; os acredores poderán remitir propostas alternativas ou de modificación dentro dos dez días naturais posteriores ao da súa recepción.

7.º A proposta de acordo unicamente poderá conter as medidas previstas nas letras a), b) e c) do artigo 236.1.

8.º O prazo de suspensión das execucións previsto no artigo 235 será de dous meses desde a comunicación da apertura das negociacións ao xulgado salvo que, con anterioridade, se adopte ou rexeite o acordo extraxudicial de pagamentos ou teña lugar a declaración de concurso.

9.º Se, no termo do prazo de dous meses, o notario ou, se é o caso, o mediador, considera que non é posible alcanzar un acordo, instará o concurso do debedor nos dez días seguintes e remitirá ao xuíz un informe razoado coas súas conclusións.

10.º O concurso consecutivo abrirase directamente na fase de liquidación.

2. Determinarase regulamentariamente o réxime de responsabilidade dos notarios que interveñan nos acordos extraxudiciais de pagamentos das persoas naturais non empresarios. A súa retribución será a prevista para os mediadores concursais.»

Terceiro. Outras modificacións.

Un. Modifícase o ordinal 5.º do artigo 92, que queda redactado nos seguintes termos:

«5.º Os créditos de que sexa titular algunha das persoas especialmente relacionadas co debedor ás cales se refire o artigo seguinte, excepto os comprendidos no artigo 91.1.º, cando o debedor sexa persoa natural e os créditos diferentes dos préstamos ou actos con análoga finalidade de que sexan titulares os socios aos cales se refire o artigo 93.2.1.º e 3.º, que reúnan as condicións de participación no capital que alí se indican.

Exceptúanse desta regra os créditos por alimentos nacidos e vencidos antes da declaración de concurso, que terán a consideración de crédito ordinario.»

Dous. Engádense tres novas letras m), n) e ñ) no número 2 da disposición adicional segunda, «Réxime especial aplicable a entidades de crédito, empresas de servizos de investimento e entidades aseguradoras», coa seguinte redacción:

«m) A Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

n) A Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

ñ) O texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.»

Cuarto. Retribución da administración concursal.

Un. O parágrafo primeiro e as letras b) e c) do número 2 do artigo 34 quedan redactados nos seguintes termos:

«2. A retribución da administración concursal determinarase mediante un arancel que se aprobará regulamentariamente e que atenderá ao número de acredores, á acumulación de concursos, ao tamaño do concurso segundo a clasificación considerada para os efectos da designación da administración

concurzal e ás funcións que efectivamente desempeñe a administración concurzal, das previstas no artigo 33.»

«b) Limitación. A cantidade total máxima que a administración concurzal poderá percibir pola súa intervención no concurso será a menor das dúas seguintes:

- i) A cantidade resultante de multiplicar o activo do debedor por un 4 por cento.
- ii) Un millón cincocentos mil euros.

Non obstante, o xuíz, de forma motivada e tras oír as partes, poderá aprobar unha remuneración que supere o límite anterior cando, debido á complexidade do concurso, os custos asumidos pola administración concurzal o xustifiquen, sen que en ningún caso poida exceder o 50 por cento do dito límite.

c) Efectividade. Naqueles concursos que conclúan pola insuficiencia da masa activa para satisfacer os créditos contra a masa, garantírase o pagamento dun mínimo retributivo mediante unha conta de garantía arancelaria, que se dotará coas achegas obrigatorias dos administradores concursais.»

Dous. Engádesse un artigo 34 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 34 bis. *Apertura da conta de garantía arancelaria.*

1. Constituirase unha única conta de garantía arancelaria, que se dotará coas achegas obrigatorias que vaian realizar os administradores concursais e que dependerá do Ministerio de Xustiza.

2. O funcionamento da conta rexerese polo establecido nesta lei e en cantas normas se diten no seu desenvolvemento».

Tres. Engádesse un artigo 34 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 34 ter. *Réxime da conta de garantía arancelaria.*

1. As únicas persoas autorizadas para dispoñer dos fondos existentes na conta de garantía arancelaria serán os secretarios xudiciais dos xulgados con competencia en materia concurzal.

2. Os secretarios xestionarán a conta e controlarán os ingresos e os cargos a través da aplicación informática de titularidade do Ministerio de Xustiza que este determine e que deberá ser validada polo Consello Xeral do Poder Xudicial e pola Fiscalía Xeral do Estado. A aplicación dispoñerá dos mecanismos adecuados de control e seguridade e deberá garantir a autenticidade, confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos datos, permitir a disposición de fondos mediante a expedición de ordes telemáticas de transferencia e mandamentos de pagamento, así como proporcionar información sobre os movementos e saldos das contas.

3. Nos casos de falta de medios informáticos adecuados ou imposibilidade técnica sobrevida, poderanse emitir mandamentos de pagamento ou ordes de transferencia de forma manual, utilizando os impresos normalizados. Nestes casos, os secretarios xudiciais coidarán do control dos mandamentos ou ordes así emitidos.

4. O libro de rexistro da conta obterase da propia aplicación informática.

5. O Ministerio de Xustiza poderá supervisar o estado da conta de garantía arancelaria mediante o aplicativo informático desenvolvido para o efecto pola entidade de crédito adxudicataria».

Catro. Engádesse un artigo 34 quáter coa seguinte redacción:

«Artigo 34 quáter. *Dotación da conta de garantía arancelaria e obrigas de comunicación.*

1. As cantidades que se vaian ingresar na conta de garantía arancelaria calcularanse sobre as retribucións que efectivamente perciba cada administrador concurzal pola súa actuación no concurso e aplicaranse as seguintes porcentaxes:

- i) Un 2,5 por cento pola remuneración obtida que se encontre entre os 2.565 euros e os 50.000 euros.
- ii) Un 5 por cento pola remuneración obtida que se encontre entre os 50.001 euros e os 500.000 euros.
- iii) Un 10 por cento pola remuneración obtida que supere os 500.000 euros.

2. Dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da percepción efectiva de calquera clase de retribución, a administración concursal deberá ingresar na conta de garantía arancelaria as achegas obrigatorias establecidas no número anterior, calculadas sobre as cantidades efectivamente percibidas. Simultaneamente, a administración concursal ou cada un dos administradores concursais deberán dar conta ao secretario xudicial do xulgado onde se tramita o concurso do importe ingresado.

3. Quedan excluídos da obriga de dotación da conta os administradores concursais cuxa retribución non alcance para o conxunto do concurso os 2.565 euros, ou aqueles que teñan dereito a ser resarcidos con cargo á referida conta.

4. O concursado ou calquera outro terceiro que aboe calquera clase de retribución á administración concursal estará obrigado a comunicar esta circunstancia ao secretario xudicial do xulgado ante o cal se tramita o concurso, con indicación do importe aboado e da data do pagamento. Igual obriga recaerá sobre a administración concursal respecto das retribucións de calquera clase que poida percibir.

5. Establecerase regulamentariamente o réxime de distribución da conta de garantía arancelaria.»

Artigo 2. *Modificación do Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos.*

Modifícase nos seguintes termos o Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos:

Un. O número 1 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«1. Consideraranse situados no limiar de exclusión aqueles debedores dun crédito ou préstamo garantido con hipoteca sobre a súa vivenda habitual, cando concorran neles todas as circunstancias seguintes:

a) Que o conxunto dos ingresos dos membros da unidade familiar non supere o límite de tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples anual de catorce pagas. Para estes efectos, entenderase por unidade familiar a composta polo debedor, o seu cónxuxe non separado legalmente ou parella de feito inscrita e os fillos, con independencia da súa idade, que residan na vivenda incluíndo os vinculados por unha relación de tutela, garda ou acollemento familiar.

O límite previsto no parágrafo anterior será de catro veces o indicador público de renda de efectos múltiples anual de catorce pagas en caso de que algún dos membros da unidade familiar teña declarada discapacidade superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que o incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral, ou de cinco veces o dito indicador, no caso de que un debedor hipotecario sexa persoa con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, ou persoa con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 por cento, así como nos casos de enfermidade grave que incapacite acreditadamente a persoa ou o seu coidador para realizar unha actividade laboral.

b) Que, nos catro anos anteriores ao momento da solicitude, a unidade familiar sufrise unha alteración significativa das súas circunstancias económicas, en termos

de esforzo de acceso á vivenda, ou sobreviñesen no dito período circunstancias familiares de especial vulnerabilidade.

Para estes efectos, entenderase que se produciu unha alteración significativa das circunstancias económicas cando o esforzo que represente a carga hipotecaria sobre a renda familiar se multiplícase por, ao menos, 1,5, salvo que a entidade acredite que a carga hipotecaria no momento da concesión do préstamo era igual ou superior á carga hipotecaria no momento da solicitude da aplicación do Código de boas prácticas.

Así mesmo, enténdese que se encontran nunha circunstancia familiar de especial vulnerabilidade:

- 1.º A familia numerosa, de conformidade coa lexislación vixente.
- 2.º A unidade familiar monoparental con dous fillos a cargo.
- 3.º A unidade familiar da cal forme parte un menor de tres anos.
- 4.º A unidade familiar na cal algún dos seus membros teña declarada discapacidade superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que o incapacite de forma permanente, de forma acreditada, para realizar unha actividade laboral.
- 5.º O debedor maior de 60 anos, aínda que non reúna os requisitos para ser considerado unidade familiar segundo o previsto na letra a) deste número.

c) Que a cota hipotecaria resulte superior ao 50 por cento dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar. A dita porcentaxe será do 40 por cento cando algún dos ditos membros sexa unha persoa na cal concorran as circunstancias previstas no segundo parágrafo da letra a).

Para efectos das letras a) e b) anteriores, considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.»

Dous. Os números 2 e 3 do artigo 5 quedan redactados do seguinte modo:

«2. A aplicación do Código de boas prácticas estenderase ás hipotecas constituídas en garantía de préstamos ou créditos, cando o prezo de adquisición do ben inmovible hipotecado non exceda un 20 por cento do que resultaría de multiplicar a extensión do inmovible polo prezo medio por metro cadrado para vivenda libre que presente o índice de prezos da vivenda elaborado polo Ministerio de Fomento para o ano de adquisición do ben inmovible e a provincia en que estea radicado o dito ben, cun límite absoluto de 300.000 euros. Os inmobles adquiridos antes do ano 1995 tomarán como prezo medio de referencia o relativo ao ano 1995.

Non obstante, só se poderán acoller ás medidas previstas no número 3 do código as hipotecas constituídas en garantía de préstamos ou créditos concedidos, cando o prezo de adquisición do ben inmovible hipotecado non exceda o que resultaría de multiplicar a extensión do inmovible, polo prezo medio por metro cadrado para vivenda libre que presente o índice de prezos da vivenda elaborado polo Ministerio de Fomento para o ano de adquisición do ben inmovible e a provincia en que estea radicado o dito ben, cun límite absoluto de 250.000 euros. Os inmobles adquiridos antes do ano 1995 tomarán como prezo medio de referencia o relativo ao ano 1995.

3. As entidades comunicarán a súa adhesión á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.»

Tres. Introdúcese un novo número iv na letra b) do punto 1 do anexo, coa seguinte redacción:

«iv. En todo caso, non se aplicarán con carácter indefinido as cláusulas limitativas da baixada do tipo de xuro previstas nos contratos de préstamo hipotecario.»

Artigo 3. *Modificación da Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social.*

Os números 1, 2 e 3 do artigo 1 da Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, quedan redactados como segue:

«1. Ata transcorridos catro anos desde a entrada en vigor desta lei, non procederá o lanzamento cando nun proceso xudicial ou extraxudicial de execución hipotecaria se adxudicase ao acreedor, ou á persoa que actúe pola súa conta, a vivenda habitual de persoas que se encontren nos supostos de especial vulnerabilidade e nas circunstancias económicas previstas neste artigo.

2. Os supostos de especial vulnerabilidade a que se refire o número anterior son:

- a) Familia numerosa, de conformidade coa lexislación vixente.
- b) Unidade familiar monoparental con dous fillos a cargo.
- c) Unidade familiar da cal forme parte un menor de tres anos.
- d) Unidade familiar en que algún dos seus membros teña declarada discapacidade superior ao 33 por cento, situación de dependencia ou enfermidade que o incapacite acreditadamente de forma permanente para realizar unha actividade laboral.
- e) Unidade familiar en que o debedor hipotecario se encontre en situación de desemprego e esgotase as prestacións por desemprego.
- f) Unidade familiar coa cal convivan, na mesma vivenda, unha ou máis persoas que estean unidas co titular da hipoteca ou o seu cónxuxe por vínculo de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade, e que se encontren en situación persoal de discapacidade, dependencia, enfermidade grave que os incapacite acreditadamente de forma temporal ou permanente para realizar unha actividade laboral.
- g) Unidade familiar en que exista unha vítima de violencia de xénero, conforme o establecido na lexislación vixente, no caso de que a vivenda obxecto de lanzamento constituía o seu domicilio habitual.
- h) O debedor maior de 60 anos.

3. Para que sexa de aplicación o previsto no número 1 deberán concorrer, ademais dos supostos de especial vulnerabilidade previstos no número anterior, as circunstancias económicas seguintes:

- a) Que o conxunto dos ingresos dos membros da unidade familiar non supere o límite de tres veces o indicador público de renda de efectos múltiples anual de catorce pagas. O dito límite será de catro veces o indicador público de renda de efectos múltiples anual de catorce pagas nos supostos previstos nas letras d) e f) do número anterior, e de cinco veces o dito indicador no caso de que o executado sexa persoa con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento, ou persoa con discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 por cento, así como nos casos de enfermidade grave que incapacite acreditadamente a persoa ou o seu coidador para realizar unha actividade laboral.

b) Que, nos catro anos anteriores ao momento da solicitude, a unidade familiar sufrise unha alteración significativa das súas circunstancias económicas, en termos de esforzo de acceso á vivenda.

c) Que a cota hipotecaria resulte superior ao 50 por cento dos ingresos netos que perciba o conxunto dos membros da unidade familiar.

d) Que se trate dun crédito ou préstamo garantido con hipoteca que recaia sobre a única vivenda en propiedade do debedor e concedido para a súa adquisición.»

TÍTULO II

Outras medidas de orde social

CAPÍTULO I

Medidas no ámbito tributario e das administracións públicas

Artigo 4. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2015, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 81 bis, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Os contribuíntes que realicen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade poderán minorar a cota diferencial do imposto nas seguintes deducións:

a) Por cada descendente con discapacidade con dereito á aplicación do mínimo por descendentes previsto no artigo 58 desta lei, ata 1.200 euros anuais.

b) Por cada ascendente con discapacidade con dereito á aplicación do mínimo por ascendentes previsto no artigo 59 desta lei, ata 1.200 euros anuais.

c) Por ser un ascendente, ou un irmán orfo de pai e nai, que forme parte dunha familia numerosa conforme a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, ou por ser un ascendente separado legalmente, ou sen vínculo matrimonial, con dous fillos sen dereito a percibir anualidades por alimentos e polos cales teña dereito á totalidade do mínimo previsto no artigo 58 desta lei, ata 1.200 euros anuais.

En caso de familias numerosas de categoría especial, esta dedución incrementarase nun 100 por cento. Este incremento non se terá en conta para efectos do límite a que se refire o número 2 deste artigo.

Así mesmo, poderán minorar a cota diferencial do imposto nas deducións previstas anteriormente os contribuíntes que perciban prestacións contributivas e asistenciais do sistema de protección do desemprego, pensións aboadas polo réxime xeral e os réximes especiais da Seguridade Social ou polo réxime de clases pasivas do Estado, así como os contribuíntes que perciban prestacións análogas ás anteriores recoñecidas aos profesionais non integrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos polas mutualidades de previsión social que actúen como alternativas ao réxime especial da Seguridade Social mencionado, sempre que se trate de prestacións por

situacións idénticas ás previstas para a correspondente pensión da Seguridade Social.

Cando dous ou máis contribuíntes teñan dereito á aplicación dalgunha das anteriores deducións respecto dun mesmo descendente, ascendente ou familia numerosa, o seu importe ratearase entre eles por partes iguais, sen prexuízo do disposto no número 4 deste artigo.

2. As deducións calcularanse de forma proporcional ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos previstos no número 1 anterior, e terán como límite para cada unha das deducións, no caso dos contribuíntes a que se refire o primeiro parágrafo do número 1 anterior, as cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades devindicadas en cada período impositivo. Non obstante, se ten dereito á dedución prevista nas letras a) ou b) do número anterior respecto de varios ascendentes ou descendentes con discapacidade, o citado límite aplicarase de forma independente respecto de cada un deles.

Para efectos do cálculo deste límite computaranse as cotizacións e cotas polos seus importes íntegros, sen tomar en consideración as bonificacións que poidan corresponder.»

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional cuadraxésimo segunda, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional cuadraxésimo segunda. *Procedemento para que os contribuíntes que perciben determinadas prestacións apliquen as deducións previstas no artigo 81 bis e se lles aboan de forma anticipada.*

1. Os contribuíntes que perciban as prestacións a que se refire o sexto parágrafo do número 1 do artigo 81 bis desta lei poderán practicar as deducións reguladas no dito número e percibilas de forma anticipada, nos termos previstos no artigo 60 bis do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, coas seguintes especialidades:

a) Para efectos do cómputo do número de meses para o cálculo do importe da dedución, o requisito de percibir as citadas prestacións entenderase cumprido cando tales prestacións se perciban en calquera día do mes, e non será aplicable o requisito de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade.

b) Os contribuíntes con dereito á aplicación destas deducións poderán solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria, o seu aboamento de forma anticipada por cada un dos meses en que se perciban tales prestacións.

c) Non resultará de aplicación o límite previsto no número 1 do artigo 60 bis do Regulamento do imposto nin, no caso de que se cedese ao seu favor o dereito á dedución, o disposto na letra c) do número 5 do artigo 60 bis do Regulamento do imposto.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal, a Seguridade Social e as mutualidades de previsión social alternativas ás da Seguridade Social e calquera outro organismo que aboan as prestacións e pensións a que se refire o sexto parágrafo do número 1 do artigo 81 bis desta lei estarán obrigados a subministrar á Axencia Estatal de Administración Tributaria por vía electrónica durante os dez primeiros días de cada mes, os datos das persoas ás cales satisfixesen as citadas prestacións ou pensións durante o mes anterior.

O formato e o contido da información serán os que, en cada momento, consten na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet.

3. O establecido no número 1 desta disposición adicional, así como o prazo, o contido e o formato da declaración informativa a que se refire o número 2 desta disposición adicional, poderá ser modificado regulamentariamente.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional cuadraxésimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional cuadraxésimo terceira. *Exención de rendas obtidas polo debedor en procedementos concursais.*

Estarán exentas deste imposto as rendas obtidas polos debedores que se poñan de manifesto como consecuencia de quitacións e dacións en pagamento de débedas, establecidas nun convenio aprobado xudicialmente conforme o procedemento fixado na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, nun acordo de refinanciamento xudicialmente homologado a que se refire o artigo 71 bis e a disposición adicional cuarta da dita lei, nun acordo extraxudicial de pagamentos a que se refiren o título X ou como consecuencia de exoneracións do pasivo insatisfeito a que se refire o artigo 178 bis da mesma lei, sempre que as débedas non deriven do exercicio de actividades económicas.»

Artigo 5. *Modificación da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.*

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 35 queda redactado da seguinte maneira:

«1. As mesas a que se refiren os artigos 34, 36.3 e a disposición adicional décimo terceira deste estatuto quedarán validamente constituídas cando, ademais da representación da Administración correspondente, e sen prexuízo do dereito de todas as organizacións sindicais lexitimadas a participaren nelas en proporción á súa representatividade, tales organizacións sindicais representen, como mínimo, a maioría absoluta dos membros dos órganos unitarios de representación no ámbito de que se trate.»

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira. *Mesas de negociación en ámbitos específicos.*

1. Para a negociación das condicións de traballo do persoal funcionario ou estatutario dos seus respectivos ámbitos, constituiranse as seguintes mesas de negociación:

a) Do persoal docente non universitario, para as cuestións que deban ser obxecto de negociación comprendidas no ámbito competencial do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

b) Do persoal da Administración de xustiza, para as cuestións que deban ser obxecto de negociación comprendidas no ámbito competencial do Ministerio de Xustiza.

c) Do persoal estatutario dos servizos de saúde, para as cuestións que deban ser obxecto de negociación comprendidas no ámbito competencial do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e que asumirá as competencias e funcións previstas no artigo 11.4 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Esta mesa denominarase «Ámbito de negociación».

2. Ademais da representación da Administración xeral do Estado, constituirán estas mesas de negociación as organizacións sindicais a que se refire o parágrafo segundo do artigo 33.1 deste estatuto, cuxa representación se distribuirá en función dos resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación propios do

persoal no ámbito específico da negociación que en cada caso corresponda, considerados no ámbito estatal.»

Artigo 6. *Modificación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.*

O artigo 12 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 12. *Determinación das unidades electorais na Administración xeral do Estado e na Administración de xustiza.*

1. En cumprimento do disposto no artigo 39.4 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, no ámbito da Administración xeral do Estado elixirase unha xunta de persoal en cada unha das seguintes unidades electorais:

a) Unha por cada un dos departamentos ministeriais, incluídos neles os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Administración da Seguridade Social e todos os servizos provinciais de Madrid.

b) Unha por cada axencia, ente público ou organismo non incluído na letra anterior, para todos os servizos que teña na provincia de Madrid.

c) Unha en cada provincia, excluída a de Madrid, e nas cidades de Ceuta e de Melilla, na delegación ou subdelegación de Goberno, en que se incluírán os organismos autónomos, axencias comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 28/2006, do 18 de xullo, as entidades xestoras e servizos comúns da Administración da Seguridade Social e as unidades administrativas e servizos provinciais de todos os departamentos ministeriais nunha mesma provincia, incluídos os funcionarios civís que presten servizos na Administración militar.

d) Unha para cada ente ou organismo público, non incluído na letra anterior, para todos os servizos que teña nunha mesma provincia ou nas cidades de Ceuta e de Melilla.

e) Unha para os funcionarios destinados nas misións diplomáticas en cada país, representacións permanentes, oficinas consulares e institucións e servizos da Administración do Estado no estranxeiro.

f) Unha en cada provincia e nas cidades de Ceuta e de Melilla, para o persoal estatutario dos servizos públicos de saúde.

g) Unha para o persoal docente dos centros públicos non universitarios, en cada unha das cidades de Ceuta e Melilla.

2. Naquelas unidades electorais a que se refire o número anterior, con excepción das referidas na letra d), que non alcancen o mínimo de 50 funcionarios, estes exercerán a súa representación na xunta de persoal do departamento ao cal estivese adscrito o organismo ou a unidade administrativa de que se trate.

Nas unidades electorais provinciais previstas na letra d) que non alcancen o mínimo de 50 funcionarios, estes exercerán a súa representación na xunta de persoal de Madrid do organismo ou ente público que corresponda.

3. Na Administración de xustiza elixirase unha xunta de persoal en cada provincia e nas cidades de Ceuta e de Melilla, para todo o persoal funcionario ao seu servizo. Ademais das anteriores, en Madrid elixirase outra xunta de persoal para o persoal adscrito aos órganos centrais da Administración de xustiza.

4. Nas eleccións a representantes do persoal laboral no ámbito da Administración xeral do Estado e da Administración de xustiza non transferida, constituirá un único centro de traballo:

a) A totalidade das unidades ou establecementos de cada departamento ministerial, incluídos neles os correspondentes aos seus organismos autónomos,

entidades xestoras e servizos comúns da Administración da Seguridade Social e todos os seus servizos provinciais, en Madrid.

b) A totalidade das unidades ou establecementos na provincia de Madrid de cada unha das axencias comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 28/2006, organismos ou entes públicos non incluídos na letra anterior e as dependentes da Administración de xustiza.

c) A totalidade das unidades ou establecementos ao servizo da Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras, servizos comúns da Administración da Seguridade Social e axencias comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 28/2006 que radiquen nunha mesma provincia, excluída a de Madrid, ou nas cidades de Ceuta e de Melilla. Inclúranse neste número as unidades e os establecementos dependentes da Administración de xustiza.

d) Constituirá igualmente un único centro de traballo a totalidade dos establecementos de cada ente ou organismo público non incluído nas letras anteriores, radicados nunha mesma provincia ou nas cidades de Ceuta e de Melilla.

5. O disposto neste artigo terá efectos ao se producir o vencemento dos mandatos electorais actualmente en vigor.

6. En todo caso, as novas unidades electorais entrarán en vigor o 1 de marzo de 2015, data en que todos os mandatos en vigor ou prorrogados se terán extinguido como consecuencia da elección dos novos órganos de representación, elección que se deberá producir no prazo de 10 meses desde a data indicada.»

Artigo 7. *Modificación da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2015, modifícase o número 3 do artigo 124 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Os contribuíntes a que se refiren os números 2, 3 e 4 do artigo 9 desta lei estarán obrigados a declarar a totalidade das súas rendas, exentas e non exentas.

Non obstante, os contribuíntes a que se refire o número 3 do artigo 9 desta lei non terán obriga de presentar declaración cando cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que os seus ingresos totais non superen 50.000 euros anuais.
- b) Que os ingresos correspondentes a rendas non exentas non superen 2.000 euros anuais.
- c) Que todas as rendas non exentas que obteñan estean sometidas a retención.»

CAPÍTULO II

Medidas relativas ao fomento do emprego indefinido, do emprego autónomo e á protección social agraria

Artigo 8. *Mínimo exento de cotización á Seguridade Social para favorecer a creación de emprego indefinido.*

1. Nos supostos de contratación indefinida en calquera das súas modalidades, sempre e cando se cumpran as condicións e os requisitos establecidos neste artigo, a achega empresarial á cotización á Seguridade Social por continxencias comúns determinarase conforme as seguintes regras:

- a) Se a contratación é a tempo completo, os primeiros 500 euros da base de cotización por continxencias comúns correspondente a cada mes quedarán exentos da aplicación do tipo de cotización na parte correspondente á empresa. Ao resto do importe da dita base resultaralle aplicable o tipo de cotización vixente en cada momento.

b) Se a contratación é a tempo parcial, cando a xornada de traballo sexa, ao menos, equivalente a un 50 por cento da xornada dun traballador a tempo completo comparable, a contía sinalada na letra a) reducirase de forma proporcional á porcentaxe de redución de xornada de cada contrato.

2. O beneficio na cotización previsto neste artigo consistirá nunha bonificación cando a contratación indefinida se produza con traballadores inscritos no Sistema nacional de garantía xuvenil que cumpran cos requisitos establecidos no artigo 105 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, e nunha redución para o resto de traballadores contratados.

3. O beneficio na cotización aplicarase durante un período de 24 meses, computados a partir da data de efectos do contrato, que se deberá formalizar por escrito, e respecto dos celebrados entre o 1 de marzo de 2015 e o 31 de agosto de 2016.

Finalizado o período de 24 meses e durante os 12 meses seguintes, as empresas que no momento de celebrar o contrato a que se aplique este beneficio na cotización contasen con menos de dez traballadores terán dereito a manter a bonificación ou redución, ben que durante este novo período estarán exentos da aplicación do tipo de cotización os primeiros 250 euros da base de cotización ou a contía proporcionalmente reducida que corresponda nos supostos de contratación a tempo parcial.

Cando as datas da alta e da baixa do traballador no réxime de Seguridade Social que corresponda non sexan coincidentes co primeiro ou co último día do mes natural, o importe a que se aplique o beneficio a que se refire este artigo será proporcional ao número de días de alta no mes.

4. Para beneficiarse do previsto neste artigo, as empresas deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Atoparse ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social, tanto na data de efectos da alta dos traballadores como durante a aplicación do beneficio correspondente. Se durante o período de bonificación ou redución existise un incumprimento, total ou parcial, das ditas obrigas en prazo regulamentario, producirase a perda automática do beneficio respecto das cotas correspondentes a períodos non ingresados no dito prazo, e teranse en conta tales períodos como consumidos para efectos do cómputo do tempo máximo de bonificación ou redución.

b) Non ter extinguido contratos de traballo, ben por causas obxectivas ou por despedimentos disciplinarios que fosen declarados xudicialmente improcedentes, ben por despedimentos colectivos que fosen declarados non axustados a dereito, nos seis meses anteriores á celebración dos contratos que dan dereito ao beneficio previsto neste artigo. A exclusión do dereito á bonificación ou redución derivada do incumprimento deste requisito afectará un número de contratos equivalente ao das extincións producidas.

c) Celebrar contratos indefinidos que supoñan un incremento tanto do nivel de emprego indefinido como do nivel de emprego total da empresa. Para calcular o dito incremento, tomarase como referencia a media diaria de traballadores que prestasen servizos na empresa nos trinta días anteriores á celebración do contrato.

d) Manter durante un período de 36 meses, contados desde a data de efectos do contrato indefinido con aplicación da bonificación ou redución, tanto o nivel de emprego indefinido como o nivel de emprego total alcanzado, ao menos, coa dita contratación.

Examinarase o mantemento do nivel de emprego indefinido e do nivel de emprego total cada doce meses. Para iso, utilizaranse a media de traballadores indefinidos e a media de traballadores totais do mes en que proceda examinar o cumprimento deste requisito.

Para efectos de examinar o nivel de emprego e o seu mantemento na empresa, non se terán en conta as extincións de contratos de traballo por causas obxectivas ou por despedimentos disciplinarios que non fosen declarados improcedentes, os despedimentos colectivos que non fosen declarados non axustados a dereito, así como as extincións causadas por dimisión, morte ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande

invalidez dos traballadores ou pola finalización do tempo convido ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, ou por resolución durante o período de proba.

e) Non ter sido excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego pola comisión da infracción grave do artigo 22.2 ou das infraccións moi graves dos artigos 16 e 23 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, de conformidade co previsto no artigo 46 da dita lei.

5. O beneficio na cotización previsto neste artigo non se aplicará nos seguintes supostos:

a) Relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou noutras disposicións legais.

b) Contratacións que afecten o cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou daqueles que teñan o control empresarial, teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das entidades ou das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior a contratación dos fillos que reúnan as condicións previstas na disposición adicional décima da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

c) Contratación de traballadores cuxa actividade determine a súa inclusión en calquera dos sistemas especiais establecidos no réxime xeral da Seguridade Social.

d) Contratación de empregados que excepcionalmente poida ter lugar nos termos establecidos nos artigos 20 e 21, así como nas disposicións adicionais décimo quinta e décimo sétima da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, e en preceptos equivalentes de posteriores leis de orzamentos xerais do Estado.

e) Contratación de traballadores que estivesen contratados noutras empresas do grupo de empresas do cal formen parte e cuxos contratos se extinguisen por causas obxectivas ou por despedimentos disciplinarios que fosen, uns ou outros, declarados xudicialmente como improcedentes, ou por despedimentos colectivos que fosen declarados non axustados a dereito, nos seis meses anteriores á celebración dos contratos que dan dereito á redución.

f) Contratación de traballadores que, nos seis meses anteriores á data do contrato, prestasen servizos na mesma empresa ou entidade mediante un contrato indefinido.

O beneficio tampouco resultará aplicable á cotización por horas complementarias que realicen os traballadores a tempo parcial cuxos contratos dean dereito a este.

6. A aplicación da bonificación ou redución a que se refire este artigo non afectará a determinación da contía das prestacións económicas a que poidan causar dereito os traballadores afectados, que se calculará aplicando o importe íntegro da base de cotización que lles corresponda.

7. A aplicación do beneficio previsto neste artigo será incompatible coa de calquera outro beneficio na cotización á Seguridade Social polo mesmo contrato, con independencia dos conceptos aos cales tales beneficios poidan afectar, coas seguintes excepcións:

a) No caso de que o contrato indefinido se formalice con persoas beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil, será compatible coa bonificación establecida no artigo 107 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

b) No caso de que o contrato indefinido se formalice con persoas beneficiarias do Programa de activación para o emprego, será compatible coa axuda económica de acompañamento que aquelas perciban, nos termos previstos no artigo 8 do Real decreto lei 16/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Programa de activación para o emprego.

8. O disposto nos números anteriores será tamén de aplicación no suposto de persoas que se incorporen como socios traballadores ou de traballo das cooperativas, sempre que estas opten por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea, así como aos cales se incorporen como socios traballadores das sociedades laborais.

9. A aplicación deste beneficio na cotización será obxecto de control e revisión polo Servizo Público de Emprego Estatal, pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, no exercicio das funcións que respectivamente teñen atribuídas.

10. Nos supostos de aplicación indebida do respectivo beneficio, por incumprir as condicións establecidas neste artigo, procederá o reintegro das cantidades deixadas de ingresar coa recarga e o xuro de demora correspondentes, conforme o establecido na normativa recadatoria da Seguridade Social.

En caso de incumprimento do requisito previsto no número 4.d), quedará sen efecto a bonificación ou redución e deberase proceder ao reintegro da diferenza entre os importes correspondentes ás achegas empresariais á cotización por continxencias comúns que procedesen en caso de non se aplicar aquela e ás achegas xa realizadas, nos seguintes termos:

1.º Se o incumprimento da exigencia do mantemento do nivel de emprego se produce desde a data de inicio da aplicación do respectivo beneficio ata o mes 12, corresponderá reintegrar o 100 por cento da citada diferenza.

2.º Se o incumprimento se produce desde o mes 13 e ata o mes 24, corresponderá reintegrar a citada diferenza polos meses que transcorresen desde o mes 13.

3.º Se o incumprimento se produce desde o mes 25 e ata o mes 36, corresponderá reintegrar a citada diferenza polos meses que transcorresen desde o mes 25.

Nos supostos de reintegro por incumprimento do requisito previsto no número 4.d), que se levarán a cabo conforme o establecido na normativa recadatoria da Seguridade Social, non procederá exixir recarga e xuro de demora.

A obriga de reintegro prevista neste número enténdese sen prexuízo do disposto no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

11. A bonificación financiarase con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal, será obxecto de cofinanciamento con cargo ao Fondo Social Europeo cando cumpra cos requisitos establecidos, e a redución financiarase polo orzamento de ingresos da Seguridade Social.

Artigo 9. *Modificación da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*

Engádesse un novo artigo 30 á Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, coa seguinte redacción:

«Artigo 30. *Bonificación a traballadores incluídos no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos por conciliación da vida profesional e familiar vinculada á contratación.*

1. Os traballadores incluídos no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos terán dereito, por un prazo de ata doce meses, a unha bonificación do 100 por cento da cota de autónomos por continxencias comúns, que resulte de aplicar á base media que tivese o traballador, nos doce meses anteriores á data na cal se acolla a esta medida, o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento establecido no citado réxime especial nos seguintes supostos:

a) Por coidado de menores de 7 anos que teñan ao seu cargo.

b) Por ter ao seu cargo un familiar, por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, en situación de dependencia, debidamente acreditada.

c) Por ter ao seu cargo un familiar, por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 por cento ou unha discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 por cento, cando a dita discapacidade estea debidamente acreditada, sempre que o dito familiar non desempeñe unha actividade retribuída.

No caso de que o traballador leve menos de 12 meses de alta no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, a base media de cotización calcularase desde a data de alta.

2. A aplicación da bonificación recollida no número anterior estará condicionada á permanencia en alta no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos e á contratación dun traballador, a tempo completo ou parcial, que se deberá manter durante todo o período do seu desfrute. En todo caso, a duración do contrato deberá ser, ao menos, de tres meses desde a data de inicio do desfrute da bonificación.

O dito traballador contratado será ocupado na actividade profesional que dá lugar á alta no sistema de Seguridade Social do traballador autónomo.

Cando se extinga a relación laboral, incluso durante o período inicial de tres meses, o traballador autónomo poderase beneficiar da bonificación se contrata outro traballador por conta allea no prazo máximo de 30 días.

O contrato a tempo parcial non se poderá celebrar por unha xornada laboral inferior ao 50 por cento da xornada dun traballador a tempo completo comparable. Se a contratación é a tempo parcial, a bonificación prevista no número 1 deste artigo será do 50 por cento.

3. En caso de incumprimento do previsto no número anterior, o traballador autónomo estará obrigado a reintegrar o importe da bonificación desfrutada.

Non procederá o reintegro da bonificación cando a extinción estea motivada por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario, cando unha ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, nin nos supostos de extinción causada por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez do traballador ou por resolución durante o período de proba.

Cando proceda o reintegro, este quedará limitado exclusivamente á parte da bonificación desfrutada que estivese vinculada ao contrato cuxa extinción se producise en supostos distintos aos previstos no parágrafo anterior.

En caso de non se manter no emprego o traballador contratado durante, ao menos, tres meses desde a data de inicio do desfrute da bonificación, o traballador autónomo estará obrigado a reintegrar o importe da bonificación desfrutada salvo que, conforme o disposto no número anterior, se contrate outra persoa no prazo de 30 días.

En caso de que o menor que deu lugar á bonificación prevista neste artigo alcance a idade de 7 anos con anterioridade á finalización do desfrute da bonificación, esta poderase manter ata alcanzar o período máximo de 12 meses previsto, sempre que se cumpran o resto de condicións.

En todo caso, o traballador autónomo que se beneficie da bonificación prevista neste artigo deberase manter de alta na Seguridade Social durante os seis meses seguintes ao vencemento do prazo de desfrute desta. En caso contrario, o traballador autónomo estará obrigado a reintegrar o importe da bonificación desfrutada.

4. Só terán dereito á bonificación os traballadores autónomos que carezan de traballadores asalariados na data de inicio da aplicación da bonificación e durante os doce meses anteriores a esta. Non se tomará en consideración, para os efectos anteriores, o traballador contratado mediante contrato de interinidade para a substitución do traballador autónomo durante os períodos de descanso por maternidade, paternidade, adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como

permanente ou simple, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural.

5. Os beneficiarios da bonificación terán dereito ao seu desfrute unha vez por cada un dos suxeitos causantes ao seu cargo sinalados no número 1, sempre que se cumpra o resto de requisitos previstos no presente artigo.

6. A medida prevista neste artigo será compatible co resto de incentivos á contratación por conta allea, conforme a normativa vixente.

7. No non previsto expresamente, as contratacións realizadas ao abeiro do establecido neste artigo rexeranse polo disposto no artigo 15.1.c) do Estatuto dos traballadores e nas súas normas de desenvolvemento.»

CAPÍTULO III

Medidas no ámbito da Administración de xustiza

Artigo 10. *Modificación da Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

A Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Exencións da taxa.*

1. As exencións obxectivas da taxa están constituídas:

a) Pola interposición de demanda e a presentación de ulteriores recursos, cando se trate dos procedementos especialmente establecidos para a protección dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, así como contra a actuación da Administración electoral.

b) Pola solicitude de concurso voluntario polo debedor.

c) Pola presentación de petición inicial do procedemento monitorio e a demanda de xuízo verbal en reclamación de cantidade cando a contía destas non supere os dous mil euros. Non se aplicará esta exención cando nestes procedementos a pretensión exercida se funde nun documento que teña o carácter de título executivo extraxudicial, de conformidade co disposto no artigo 517 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

d) Pola interposición de recursos contencioso-administrativos cando se recorra en casos de silencio administrativo negativo ou inactividade da Administración.

e) Pola interposición da demanda de execución de laudos ditados polas xuntas arbitrais de consumo.

f) Polas accións que, en interese da masa do concurso e logo de autorización do xuíz do mercantil, interpoñan os administradores concursais.

g) Polos procedementos de división xudicial de patrimonios, salvo nos supostos en que se formule oposición ou se suscite controversia sobre a inclusión ou exclusión de bens, nos cales se devindique a taxa polo xuízo verbal e pola contía que se discuta ou a derivada da impugnación do caderno particional a cargo do opositor e, se ambos se opuxesen, a cargo de cada un pola súa respectiva contía.

2. Desde o punto de vista subxectivo, están, en todo caso, exentos desta taxa:

a) As persoas físicas.

b) As persoas xurídicas ás cales se lles recoñece o dereito á asistencia xurídica gratuíta, e acrediten que cumpren os requisitos para iso de acordo coa súa normativa reguladora.

- c) O Ministerio Fiscal.
- d) A Administración xeral do Estado, as das comunidades autónomas, as entidades locais e os organismos públicos dependentes de todas elas.
- e) As Cortes Xerais e as asembleas lexislativas das comunidades autónomas.»

Dous. Suprímese o parágrafo segundo do número 2 do artigo 6.

Tres. Modifícase o parágrafo primeiro do número 2, que queda redactado como segue, e suprímese o número 3 do artigo 7:

«2. Deberá satisfacerse, ademais, a cantidade que resulte de aplicar á base impoñible determinada de acordo co disposto no artigo anterior o tipo de gravame que corresponda, segundo a seguinte escala.»

Catro. Engádesse un parágrafo segundo ao número primeiro do artigo 8, que queda redactado como segue:

«Non obstante, non terán que presentar autoliquidación os suxeitos a que se refire o número 2 do artigo 4.»

Disposición adicional primeira. *Funcións de mediación concursal.*

1. De acordo co disposto nos artigos 5.3 e 21.1.i) da Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación nos termos previstos na súa normativa específica, así como a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, poderán desempeñar as funcións de mediación concursal previstas no título X da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

2. O sistema de mediación desenvolvido polas cámaras deberá ser transparente e deberase garantir a inexistencia de conflitos de interese. Para tal efecto, poderán constituír unha comisión de sobreendebemento ou órgano equivalente, que deberá estar composto, ao menos, por unha persoa que reúna os requisitos exixidos polo artigo 233.1 da Lei concursal para exercer como mediador concursal.

3. Sen prexuízo das funcións sinaladas anteriormente, as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, nos termos previstos na súa normativa específica, así como a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, poderán desempeñar funcións adicionais que permitan auxiliar os comerciantes en materia concursal, tales como as de asesoramento, preparación de solicitudes de designación de mediador, de acordos extraxudiciais de pagamentos, preparación da documentación, elaboración de listaxes de acredores, créditos e contratos, de avaliación previa de propostas de convenio e cantas outras funcións auxiliares se consideren precisas para os efectos de facilitar os trámites nos procedementos concursais que corresponda cumprir ao debedor.

Disposición adicional segunda. *Remuneración do mediador concursal.*

1. A remuneración do mediador concursal calcularase conforme as seguintes regras:

a) A base de remuneración do mediador concursal calcularase aplicando sobre o activo e o pasivo do debedor as porcentaxes establecidas no anexo do Real decreto 1860/2004, do 6 de setembro, polo que se establece o arancel de dereitos dos administradores concursais.

b) Se o debedor é unha persoa natural sen actividade económica, aplicarase unha redución do 70 por cento sobre a base de remuneración da letra anterior.

c) Se o debedor é unha persoa natural empresaria, aplicarase unha redución do 50 por cento sobre a base de remuneración da letra a).

d) Se o debedor é unha sociedade, aplicarase unha redución do 30 por cento sobre a base de remuneración da letra a).

e) Se se aproba o acordo extraxudicial de pagamentos, aplicarase unha retribución complementaria igual ao 0,25 por cento do activo do debedor.

2. Esta disposición será aplicable ata que se desenvolva regulamentariamente o réxime retributivo do mediador concursal.

Disposición adicional terceira. *Representación do debedor no concurso consecutivo.*

Como excepción ao disposto no número 2 do artigo 184 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, a representación mediante procurador non será preceptiva para o debedor persoa natural no concurso consecutivo.

Disposición adicional cuarta. *Medidor de solvencia.*

Co obxectivo de facilitar que calquera interesado poida ter coñecemento da súa situación financeira persoal, habilitarase unha aplicación informática na páxina web do Ministerio de Economía e Competitividade, accesible de forma confidencial, gratuíta e telemática, a través da cal se poderá determinar a situación de solvencia en que se encontra, para os efectos da aplicación do previsto no título I desta lei.

Disposición adicional quinta. *Impulso e coordinación da negociación colectiva.*

A Secretaría de Estado de Administracións Públicas estará representada nas mesas de negociación do persoal docente non universitario, do persoal da Administración de xustiza e do persoal estatutario dos servizos de saúde, a través da Dirección Xeral da Función Pública.

A Secretaría de Estado de Administracións Públicas adoptará as medidas oportunas para impulsar e asegurar a coordinación da negociación da Administración a través das distintas mesas e ámbitos.

Disposición adicional sexta. *Avaliación do funcionamento da conta de garantía arancelaria.*

Transcorrido un ano desde a efectiva posta en marcha da conta de garantía arancelaria, o Goberno emitirá un informe de avaliación do seu funcionamento e da súa suficiencia para atender o pagamento dos aranceis de administradores que non se poidan sufragar con cargo á masa activa dos concursos.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio en materia concursal.*

1. O disposto no artigo 92.5.º da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, na redacción dada por esta lei, será de aplicación aos procedementos concursais en tramitación nos cales non se presentase o texto definitivo do informe da administración concursal.

2. A obriga de presentación da solicitude de iniciación dun acordo extraxudicial de pagamentos nun formulario normalizado prevista no número 2 do artigo 232 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, na redacción dada por esta lei, será de aplicación ao se aprobar a orde do Ministerio de Xustiza pola cal se establezan os formularios normalizados.

3. Os números 3 e 4 do artigo 176 bis e os artigos 178.2 e 178 bis da Lei concursal aplicaranse aos concursos que se encontren en tramitación.

Nos concursos concluídos por liquidación ou por insuficiencia de masa activa antes da entrada en vigor da presente lei, o debedor poderase beneficiar do establecido nos artigos 176 bis e 178 bis da Lei concursal, se se instase de novo o concurso, voluntario ou necesario.

4. Durante o ano seguinte á entrada en vigor desta lei, non será exigible, para obter o beneficio da exoneración previsto no artigo 178 bis da Lei concursal, o requisito previsto no seu número 3.5.º.iv).

5. Durante o ano seguinte á entrada en vigor desta lei, non será exigible, para solicitar un acordo extraxudicial de pagamentos, o requisito previsto no artigo 231.3.2.º da Lei concursal.

Disposición transitoria segunda. *Réxime aplicable á contratación indefinida formalizada con anterioridade ao 1 de marzo de 2015.*

Os beneficios á cotización á Seguridade Social que se veñan desfrutando polos contratos indefinidos celebrados con anterioridade ao 1 de marzo de 2015 rexeranse pola normativa vixente no momento da súa celebración.

Disposición transitoria terceira. *Arancel de dereitos dos administradores concursais.*

Ata que se aprobe o novo desenvolvemento regulamentario do artigo 27 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, o arancel da administración concursal rexerá polo disposto no Real decreto 1860/2004, do 6 de setembro, polo que se establece o arancel de dereitos dos administradores concursais, coas seguintes especialidades:

a) A cantidade que resulte da aplicación do establecido nos artigos 4 e 5 do Real decreto 1860/2004, do 6 de setembro, polo que se establece o arancel de dereitos dos administradores concursais, incrementarase ata un 5 por cento por cada un dos supostos enunciados no artigo 6.1 do mesmo real decreto, sen que o incremento total poida ser superior ao 15 por cento se o concurso fose clasificado como de tamaño medio ou superior ao 25 por cento se é cualificado de gran tamaño, respectando, en todo caso, os límites establecidos no artigo 34.2.b) da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

b) A retribución dos administradores concursais profesionais durante cada un dos seis primeiros meses da fase de liquidación será equivalente ao 10 por cento da retribución aprobada para a fase común.

A partir do sétimo mes desde a apertura da fase de liquidación sen que esta finalice, a retribución dos administradores durante cada un dos meses sucesivos será equivalente ao 5 por cento da retribución aprobada para a fase común.

A partir do décimo terceiro mes desde a apertura da fase de liquidación, a administración concursal non percibirá remuneración ningunha salvo que o xuíz, de maneira motivada e logo de audiencia das partes, decida, atendendo ás circunstancias do caso, prorrogar o dito prazo. As prórrogas acordadas serán trimestrais e non poderán superar, en total, os seis meses.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio de pagamento con cargo á conta de garantía arancelaria.*

Ata que se aprobe regulamentariamente o réxime de distribución da conta de garantía arancelaria será de aplicación o seguinte:

1. A cantidade máxima que se poderá percibir con cargo á conta de garantía arancelaria por concurso será igual á diferenza entre a remuneración efectivamente percibida e a que lle correspondese conforme o arancel da administración concursal, unha vez deducidas, se é o caso, as cantidades que se deberían ter destinado á propia conta de garantía arancelaria; e, en todo caso, co límite do que resultase de dividir o total ingresado na conta de garantía arancelaria durante un ano, máis o remanente de anos anteriores, se o houber, entre o número de administradores con dereito a cobrar da conta.

Se o ingresado na conta de garantía arancelaria para a súa distribución anual non cobre a retribución total debida aos administradores, a cantidade máxima que percibirá cada un deles con cargo á conta gardará a mesma proporción que represente o total ingresado na dita conta sobre o total pendente de pagamento.

2. A cantidade máxima que se poderá percibir con cargo á conta de garantía arancelaria será anotada na conta polo secretario xudicial, dentro dos quince días hábiles seguintes á data do auto que declare a conclusión do concurso por insuficiencia de masa.

3. Unha vez determinada a contía dos pagamentos con cargo á conta de garantía arancelaria segundo a regra do número 1, as ordes de transferencia ás contas indicadas pola administración concursal levaranse a cabo de forma electrónica e automática, mediante a aplicación informática, ao longo do mes de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se xerou o dereito.

4. Se, unha vez efectuados os pagamentos, existise un remanente, este conservarase para financiar os pagamentos do ano seguinte.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei e, de maneira específica, o artigo sexto.dous do Decreto 2766/1967, do 16 de novembro, polo que se ditan normas sobre prestacións de asistencia sanitaria e ordenación dos servizos médicos no réxime xeral da Seguridade Social, e o Real decreto 1564/1998, do 17 de xullo, polo que se regula o convenio especial de asistencia sanitaria a favor dos traballadores españois que realizan unha actividade por conta propia no estranxeiro.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.*

Modifícase a disposición adicional sétima do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional sétima. *Dispoñibilidade dos plans de pensións en caso de procedemento de execución sobre a vivenda habitual.*

Durante o prazo de catro anos desde a entrada en vigor da Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e alugamento social, excepcionalmente, os partícipes dos plans de pensións poderán facer efectivos os seus dereitos consolidados no suposto de procedemento de execución sobre a vivenda habitual do partícipe. Regulamentariamente poderanse regular as condicións e os termos en que se poderán facer efectivos os dereitos consolidados no dito suposto, e deberán concorrer, ao menos, os seguintes requisitos:

a) Que o partícipe se atope incurso nun procedemento de execución forzosa xudicial, administrativa ou venda extraxudicial para o cumprimento de obrigas, no cal se acordase proceder ao alleamento da súa vivenda habitual.

b) Que o partícipe non dispoña doutros bens, dereitos ou rendas en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda obxecto da execución e evitar o alleamento da vivenda.

c) Que o importe neto dos seus dereitos consolidados no plan ou plans de pensións sexa suficiente para evitar o alleamento da vivenda.

O reembolso de dereitos consolidados farase efectivo por solicitude do partícipe, nun pagamento único na contía necesaria para evitar o alleamento da vivenda, con suxeición ao réxime fiscal establecido para as prestacións dos plans de pensións. O reembolso deberá efectuarse dentro do prazo máximo de sete días hábiles desde que o partícipe presente a documentación acreditativa correspondente.

O Goberno, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, poderá ampliar o prazo previsto nesta disposición para solicitar o cobramento dos plans de

pensións en caso de procedemento de execución sobre a vivenda habitual ou establecer novos períodos para tal efecto, tendo en conta as necesidades de renda dispoñible ante a situación de endebedamento derivada das circunstancias da economía.

O disposto nesta disposición será igualmente aplicable aos asegurados dos plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial e mutualidades de previsión social a que refire o artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, e, en xeral, aos seguros colectivos que instrumentan compromisos por pensións nos cales se transmitise aos asegurados a titularidade dos dereitos derivados das primas pagadas pola empresa, así como respecto aos dereitos correspondentes a primas pagadas por aqueles».

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

Un. Modifícanse o título do artigo 54 bis e os seus números 1 e 2, que pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 54 bis. *Condicións para a xestión transfronteiriza de IIC e para a prestación de servizos noutros Estados membros por sociedades xestoras autorizadas en España, de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.*

1. As SXIIC autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderán, xa sexa directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, xestionar IIC establecidas noutro Estado membro, sempre que a SXIIC estea autorizada para xestionar ese tipo de IIC, así como prestar noutro Estado membro os servizos aos cales se refire o artigo 40.1.a) e 40.2 para os cales fose autorizada.

2. Toda xestora que se propoña xestionar IIC establecidas noutro Estado membro ou prestar os servizos a que se refire o número 1 por primeira vez comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información:

a) O Estado membro no cal se propoña xestionar as IIC, directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, ou prestar servizos aos cales se refire o artigo 40.1.a) e 40.2 para os que fose autorizada, e

b) Un programa de actividades no cal se indiquen, en particular, os servizos que se propoña prestar ou se identifiquen as IIC que se propoña xestionar.»

Dous. Modifícanse o título do artigo 55 bis e os seus números 1 e 5, que pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 55 bis. *Condicións para a xestión de IIC españolas e para a prestación de servizos en España por sociedades xestoras reguladas pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, e autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. Toda sociedade xestora autorizada nun Estado membro da Unión Europea ao abeiro da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderá xestionar IIC así como prestar servizos en España, xa sexa directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, sempre que a xestora estea autorizada polo dito Estado membro para xestionar ese tipo de IIC ou para prestar eses servizos.

5. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará sen demora, ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da sociedade xestora, calquera problema detectado que poida afectar materialmente a capacidade da sociedade xestora para cumprir adecuadamente as súas obrigas legais ou

regulamentarias, que incidan no ámbito supervisor da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

O número 3 do artigo 111 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, queda redactado nos seguintes termos:

«3. Os organismos e as entidades integrantes do sector público estatal, con excepción do Instituto de Crédito Oficial, someteranse aos principios de prudencia financeira que fixe a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Os principios que se fixen para as entidades e organismos distintos das sociedades cotizadas mercantís estatais cuxas accións estean sometidas a negociación nun mercado secundario oficial de valores referiranse, ao menos, aos límites máximos do custo financeiro ao cal se poderán subscribir as citadas operacións de crédito, así como ás limitacións ao uso de derivados financeiros».

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.*

A Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, queda modificada como segue:

Un. O número 2 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«2. A sinatura electrónica avanzada é a sinatura electrónica que permite identificar o asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, que está vinculada ao asinante de maneira única e aos datos a que se refire, e que foi creada por medios que o asinante pode utilizar, cun alto nivel de confianza, baixo o seu exclusivo control.»

Dous. O número 2 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«2. O asinante é a persoa que utiliza un dispositivo de creación de sinatura e que actúa en nome propio ou en nome dunha persoa física ou xurídica á cal representa.»

Tres. O número 2 do artigo 7 queda redactado como segue:

«2. A custodia dos datos de creación de sinatura asociados a cada certificado electrónico de persoa xurídica ou, se é o caso, dos medios de acceso a eles será responsabilidade da persoa física solicitante, cuxa identificación se incluírá no certificado electrónico.»

Catro. A letra c) do artigo 12 queda redactada nos seguintes termos:

«c) Asegurarse de que o asinante ten o control exclusivo sobre o uso dos datos de creación de sinatura correspondentes aos de verificación que constan no certificado.»

Cinco. A letra a) do artigo 18 queda redactada nos seguintes termos:

«a) Non almacenar nin copiar, por si ou a través dun terceiro, os datos de creación de sinatura da persoa á cal prestasen os seus servizos, salvo en caso da súa xestión en nome do asinante. Neste caso, aplicaranse os procedementos e mecanismos técnicos e organizativos adecuados para garantir que o asinante controle de modo exclusivo o uso dos seus datos de creación de sinatura.»

Só os prestadores de servizos de certificación que expidan certificados recoñecidos poderán xestionar os datos de creación de sinatura electrónica en nome do asinante. Para iso, poderán efectuar unha copia de seguridade dos datos de creación de sinatura sempre que a seguridade dos datos duplicados sexa do mesmo nivel que a dos datos orixinais e que o número de datos duplicados non supere o mínimo necesario para garantir a continuidade do servizo. Non poderán duplicar os datos de creación de sinatura para ningunha outra finalidade».

Seis. O ordinal 1.º da letra b) do artigo 18 queda redactado como segue:

«1.º As obrigas do asinante, a forma en que se deban custodiar os datos de creación de sinatura, o procedemento que se deba seguir para comunicar a perda ou posible utilización indebida dos ditos datos ou, se é o caso, dos medios que os protexen, así como información sobre os dispositivos de creación e de verificación de sinatura electrónica que sexan compatibles cos datos de sinatura e co certificado expedido.»

Sete. A letra e) do número 1 do artigo 20 queda redactada como segue:

«e) Tomar medidas contra a falsificación de certificados e, no caso de que o prestador de servizos de certificación xere datos de creación de sinatura, garantir a súa confidencialidade durante o proceso de xeración e a súa entrega por un procedemento seguro ao asinante. Se o prestador de servizos xestiona os datos de creación de sinatura en nome do asinante, deberá custodialos e protexelos fronte a calquera alteración, destrución ou acceso non autorizado, así como garantir a súa continua dispoñibilidade para o asinante.»

Oito. As letras c) e d) do número 1 do artigo 23 quedan redactadas nos seguintes termos:

«c) Neglixencia na conservación dos seus datos de creación de sinatura, no aseguramento da súa confidencialidade e na protección de todo acceso ou revelación destes ou, se é o caso, dos medios que dean acceso a eles.

d) Non solicitar a suspensión ou revogación do certificado electrónico en caso de dúbida en canto ao mantemento da confidencialidade dos seus datos de creación de sinatura ou, se é o caso, dos medios que dean acceso a eles.»

Nove. Engádesse un número 5 ao artigo 29 co seguinte contido:

«5. Poderase requirir a realización de probas en laboratorios ou entidades especializadas para acreditar o cumprimento de determinados requisitos. Neste caso, os prestadores de servizos correrán cos gastos que ocasione esta avaliación.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 8/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados.*

Modifícase o artigo 26 do Real decreto 8/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados, que queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Asistencia sanitaria para españois de orixe retornados e para os traballadores e pensionistas españois de orixe residentes no exterior desprazados temporalmente ao territorio nacional e para os familiares dos anteriores que se establezan con eles ou os acompañen.*

1. Os españois de orixe residentes no exterior que retornen a España, así como os traballadores por conta allea e por conta propia e os pensionistas españois de orixe residentes no exterior nos seus desprazamentos temporais ao noso país

terán dereito á asistencia sanitaria cando, de acordo coas disposicións da lexislación de Seguridade Social española, coas do Estado de procedencia ou coas normas ou convenios internacionais de Seguridade Social establecidos para o efecto, non teñan prevista esta cobertura.

2. Os familiares dos españois de orixe retornados que se establezan con eles en España, e os dos pensionistas e traballadores por conta allea e por conta propia españois de orixe, residentes no exterior, que os acompañen nos seus desprazamentos temporais a España, terán igualmente dereito á asistencia sanitaria en España, a través do Sistema nacional de saúde, cando, de acordo coas disposicións de Seguridade Social española, as do Estado de procedencia ou as normas ou convenios internacionais de Seguridade Social establecidos para o efecto, estes familiares non teñan prevista esta cobertura.

Para os efectos indicados, entenderase que son familiares con dereito a asistencia sanitaria:

O cónxuxe das persoas indicadas no número 1 ou quen conviva con elas cunha relación de afectividade análoga á conxugal, constituíndo unha parella de feito.

Os descendentes das persoas indicadas no número 1 ou os do seu cónxuxe ou os da súa parella de feito, que estean a cargo daquelas e sexan menores de 26 anos ou maiores da dita idade cunha discapacidade recoñecida nun grao igual ou superior ao 65 por cento.

3. O recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria en todos estes supostos corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social, o cal expedirá o documento acreditativo do dereito. Este dereito conservarase ata que o beneficiario reúna os requisitos establecidos para obtelo de acordo coas disposicións de Seguridade Social española, coas do Estado de procedencia ou coas normas ou convenios internacionais de Seguridade Social.

Os españois de orixe retornados xustificarán a súa condición mediante a presentación da baixa consular no país de residencia e do certificado de empadramento no municipio onde fixasen a súa residencia no noso país.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola cal se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.*

Modifícase o número 1 do artigo 7 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os traballadores autónomos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 deberán solicitar á mesma mutua colaboradora coa Seguridade Social a que se encontren adheridos o recoñecemento do dereito á protección por cesamento de actividade.

Respecto dos traballadores por conta propia que non se encontren adheridos a unha mutua, será de aplicación o establecido na disposición adicional cuarta.

O dito recoñecemento supoñerá o nacemento do dereito ao desfrute da correspondente prestación económica, a partir do primeiro día do mes inmediatamente seguinte a aquel en que se produciu o feito causante do cesamento de actividade. Cando o traballador autónomo economicamente dependente finalizase a súa relación co cliente principal, para ter dereito ao desfrute da prestación non poderá ter actividade con outros clientes a partir do día en que inicie o cobramento da prestación.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

O artigo 327 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, queda redactado como segue:

«Artigo 327. *Competencia e efectos das inscricións nos rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas.*

1. As comunidades autónomas poderán crear os seus propios rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas, nos cales se inscribirán as condicións de aptitude dos empresarios que así o soliciten, que fosen clasificados por elas ou que incorresen nalgũa das prohibicións de contratar cuxa declaración corresponda a estas ou ás entidades locais incluídas no seu ámbito territorial.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas que opten por non levar o seu propio rexistro independente de licitadores e empresas clasificadas practicarán, no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público, as inscricións de oficio das prohibicións de contratar ás cales se refire o número anterior. Poderán practicar, igualmente, no dito rexistro as demais inscricións indicadas no citado número cando se refiran a empresarios domiciliados no seu ámbito territorial e así o solicitase o interesado.

3. A práctica de inscricións no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público polos órganos competentes das comunidades autónomas exixirá a subscripción previa dun convenio para tal efecto co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

4. Tanto as inscricións practicadas no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público polas comunidades autónomas, en virtude do disposto nos números 2 e 3 deste artigo, como as practicadas polos órganos da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado terán, sen distinción ningunha, os mesmos efectos acreditativos e eficacia plena fronte a todos os órganos de contratación do sector público.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

Introdúcese unha nova disposición transitoria cuarta bis na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, en relación co réxime sancionador aplicable aos puntos de venda en réxime administrativo da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado.

«Disposición transitoria cuarta bis. *Réxime sancionador aplicable aos puntos de venda en réxime administrativo da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado.*

Un.

1. O presente réxime de infraccións e sancións administrativas aplicarase aos puntos de venda que se encontren acollidos ao réxime de dereito administrativo.

2. Son infraccións administrativas dos titulares dos puntos de venda da rede comercial da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado as accións ou omisións tipificadas na presente disposición, que serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

3. As infraccións e sancións reguladas nesta disposición poderán ser especificadas nas disposicións regulamentarias que a desenvolvan, nos termos previstos no artigo 129 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Serán suxeitos infractores os titulares dos puntos de venda que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nesta disposición. Así mesmo,

tamén serán responsables das accións ou omisións tipificadas nesta disposición cando sexan realizadas polos seus empregados ou colaboradores.

Dous.

A competencia para exercer a potestade sancionadora regulada nesta disposición corresponde ao director xeral de Ordenación do Xogo.

Tres.

1. O procedemento sancionador axustarase ás normas da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e ao Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo das normas específicas establecidas na presente disposición.

2. Cando se iniciase un procedemento sancionador, a Dirección Xeral de Ordenación do Xogo poderá acordar, logo de solicitude adecuadamente motivada da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado, entre outras, algunha ou algunhas das seguintes medidas provisionais:

Peche temporal do punto de venda.

Desconexión, precintaxe ou retirada, se é o caso, de calquera ben ou documentación relativa ao desenvolvemento da actividade de punto de venda, incluíndo a título enunciativo os equipamentos ou aparellos informáticos, importes en efectivo, décimos ou xustificantes pagados e a Lotería Nacional ou outros títulos ao portador xestionados no punto de venda.

3. As medidas sinaladas no número anterior poderán ser acordadas, conforme o establecido neste, antes da iniciación do procedemento sancionador, nas condicións establecidas no artigo 72.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Adoptada, se é o caso, algunha das medidas establecidas no número 2, a Dirección Xeral de Ordenación do Xogo acordará a súa execución, para cuxos efectos conseguirá a colaboración da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado, cuxo persoal será acompañado por un funcionario do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que terá carácter de autoridade pública, para os efectos de dilixenciar a correspondente acta de actuacións.

5. Unha vez executada a medida, a Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado comunicará a dita circunstancia á Dirección Xeral de Ordenación do Xogo.

Catro.

1. As infraccións administrativas en que poden incorrer os titulares dos puntos de venda da rede comercial da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Son infraccións leves:

a) A ausencia inxustificada do titular, de forma reiterada, no punto de venda.

b) A falta de orde, de aseo ou de conservación do establecemento onde radique o punto de venda.

c) Non exhibir en lugar visible do punto de venda o distintivo anunciador, elementos da imaxe corporativa, propaganda, publicidade, prospectos e demais elementos ou documentos exixidos, ou exhibilos sen axustarse ás normas ou instrucións específicas.

d) Faltar ao debido respecto e consideración aos usuarios dos puntos de venda.

e) O incumprimento da normativa e instrucións sobre xestión de puntos de venda, cando non constitúa infracción grave ou moi grave.

3. Son infraccións graves:

a) A resistencia, desobediencia ou obstrución á actuación dos servizos de inspección da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado.

b) Realizar reformas no establecemento onde radique o punto de venda sen a autorización previa, cando impliquen modificación das características que serviron de base para a súa adxudicación.

c) Desenvolver no punto de venda calquera outra actividade distinta da prestación dos servizos de punto de venda e, no caso dos establecementos mixtos, calquera outra actividade distinta da actividade principal autorizada, salvo consentimento previo e por escrito da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado.

d) Perda, deterioración ou menoscabo dos bens da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado cedidos para uso dos titulares dos puntos de venda no exercicio da súa actividade, así como destinalos a un uso distinto ao da súa función, salvo cando se trate de equipamentos ou aparellos informáticos.

e) Realizar actividades de promoción ou publicidade por calquera medio do punto de venda ou dos xogos e apostas contravindo a normativa ou instrucións específicas ou sen a autorización da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado.

f) O pagamento indebido ou a falta de pagamento total ou parcial de premios cando non constitúa infracción moi grave.

g) A reincidencia pola comisión de dúas ou máis infraccións leves nun prazo de dous anos contados desde a sanción por resolución firme en vía administrativa da primeira delas.

h) O incumprimento das normas e instrucións sobre xestión de puntos de venda ou das obrigas impostas no título habilitante para o exercicio da actividade, cando se cause prexuízo á Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado ou a terceiros.

4. Constitúen infraccións moi graves:

a) O pagamento indebido ou a falta de pagamento total ou parcial de premios cando se cause un prexuízo grave á Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado ou a terceiros.

b) A falta de ingreso na Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado das cantidades recadadas por venda de xogos e Apostas.

c) A detracción dos fondos recibidos para pagamento de premios ou a súa aplicación a usos alleos á súa función.

d) A cesión de comisións polos titulares dos puntos de venda.

e) O abandono do exercicio da prestación dos servizos de punto de venda ou, cando proceda, da actividade principal autorizada.

f) A transmisión da titularidade do punto de venda sen a correspondente autorización ou a cesión do seu uso por calquera título.

g) O traslado do punto de venda ou dos elementos informáticos deste sen a correspondente autorización.

h) O fornecemento de información ou documentación falsa á Administración.

i) A venda de participacións e de billetes de Lotería Nacional en forma distinta á que están representados ou poidan ser autorizados.

j) A perda, a deterioración ou o menoscabo dos equipamentos ou aparellos informáticos da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado cedidos para uso

dos titulares dos puntos de venda no exercicio da súa actividade, así como destinalos a un uso distinto á súa función.

k) A non constitución dos avais, fianzas e demais garantías exhibibles ou a súa constitución sen suxeición ás condicións establecidas pola Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado.

l) O incumprimento grave e reiterado das normas e instrucións sobre xestión de puntos de venda ou das obrigas impostas no título habilitante para o exercicio da actividade, cando se cause prexuízo á Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado ou a terceiros.

ll) A reincidencia pola comisión de dúas ou máis infraccións graves nun prazo de dous anos contados desde a sanción por resolución firme en vía administrativa da primeira delas.

Cinco.

As infraccións administrativas reguladas na presente disposición serán sancionadas na forma seguinte:

a) Pola comisión de infraccións leves imponse unha ou máis das seguintes sancións: apercibimento por escrito. Multa de ata 600 euros.

b) Pola comisión de infraccións graves imponse unha ou máis das seguintes sancións:

I. Multa desde 601 euros ata 6.000 euros.

II. Suspensión, por un período máximo de tres meses, do exercicio da actividade autorizada.

c) Pola comisión de infraccións moi graves imponse unha ou máis das seguintes sancións:

I. Multa desde 6.001 euros ata 60.000 euros.

II. Suspensión, por un período máximo de seis meses, do exercicio da actividade autorizada.

III. Revogación da concesión ou autorización do titular do punto de venda.

Seis.

As sancións reguladas no número anterior graduaranse tendo en conta os seguintes criterios:

a) A reiteración na comisión de infraccións.

b) A intencionalidade do suxeito infractor.

c) A transcendencia económica, comercial e social da infracción.

d) A reincidencia pola comisión de infraccións da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme.

e) O prexuízo deparado á imaxe da Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado.

Sete.

As infraccións e sancións reguladas nesta disposición prescribirán segundo o disposto no artigo 132 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Oito.

O réxime de recursos contra as resolucións sancionadoras que se diten no marco da presente disposición será o establecido na Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Disposición derradeira novena. *Modificación do Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde.*

O Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde, queda modificado como segue:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 5, nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Recoñecemento de oficio da condición de asegurado ou de beneficiario.*

1. O recoñecemento de oficio da condición de persoa asegurada farase de forma automática, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 2, no caso de:

- a) Persoas comprendidas no artigo 2.1.a).
- b) Persoas que pasen a estar comprendidas no artigo 2.1.b) por deixar de cumprir algunha das condicións establecidas no artigo 2.1.a) ou no artigo 3.1.c).
- c) Menores de idade suxeitos a tutela administrativa cando cumplan a maioría de idade.

2. A condición de beneficiario como descendente dunha persoa asegurada rehabilitarase de oficio, de forma automática, cando a dita condición se interrompese por pasar aquel a estar comprendido como asegurado no artigo 2.1.a) e deixar de estalo posteriormente sendo aínda menor de 26 anos de idade».

Dous. Dáse nova redacción ao artigo 6, nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Recoñecemento da condición de asegurado ou de beneficiario logo de solicitude do interesado.*

1. O recoñecemento da condición de asegurado a que se refire o artigo 2.1.b) e de beneficiario a que se refire o artigo 3 realizarase por instancia do interesado nos supostos non previstos, respectivamente, nos números 1.b) e 2 do artigo 5.

2. A solicitude de recoñecemento da condición de persoa asegurada irá acompañada da seguinte documentación, segundo os casos:

- a) No caso de cidadáns españois, do documento nacional de identidade en vigor.
- b) No caso de persoas que non teñan nacionalidade española:

1.º Documento nacional de identidade ou pasaporte en vigor, e certificado de inscrición no Rexistro Central de Etranxeiros, para os cidadáns dos Estados membros da Unión Europea, doutros Estados parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de Suíza.

2.º Documento nacional de identidade ou pasaporte en vigor, e tarxeta de residencia de familiar de cidadán da Unión Europea, para os familiares de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea, doutros Estados parte no acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de Suíza.

3.º Para as demais persoas que non teñan nacionalidade española, pasaporte en vigor e tarxeta de identidade de estranxeiro que acredite a titularidade dunha autorización para residir en España ou, en caso de non ter obriga de obter a dita tarxeta, a autorización para residir en España en que conste o correspondente número de identidade de estranxeiro.

- c) Certificado de empadramento no municipio de residencia do solicitante.
- d) No caso de persoas que non sexan contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas, unha declaración responsable de non superar o límite de ingresos previsto no artigo 2.1.b), xunto, para aquelas persoas que non teñan nacionalidade española, cun certificado, expedido pola Administración tributaria do Estado en que teña a súa última residencia acreditativo de non superar o citado límite de ingresos en atención á declaración presentada no dito Estado por un imposto equivalente ao imposto sobre a renda das persoas físicas. Non obstante o anterior, os apátridas non estarán obrigados a presentar este último certificado.
- e) Declaración responsable de non ter cobertura obrigatoria da prestación sanitaria por outra vía, xunto, se é o caso, cun certificado emitido pola institución competente en materia de Seguridade Social ou de asistencia sanitaria do país de procedencia do interesado, acreditativo de que non procede a exportación do dereito á prestación de asistencia sanitaria en España. Non obstante o anterior, os apátridas non estarán obrigados a presentar este último certificado.
- f) Resolución da declaración de desamparo no caso de menores suxeitos a tutela administrativa.

Non será necesario achegar os documentos mencionados nas letras a) e c) anteriores cando os interesados presten o seu consentimento para que os datos de identidade, domicilio e residencia poidan ser consultados pola Administración a través dos sistemas de verificación de datos de identidade e de residencia.

3. A solicitude de recoñecemento da condición de persoa beneficiaria irá acompañada, ademais dos documentos previstos nos parágrafos a), b) e c) do número anterior que correspondan, da seguinte documentación, segundo os casos:

- a) Libro de familia ou certificado da inscrición do matrimonio para acreditar a condición de cónxuxe da persoa asegurada.
- b) Certificación da inscrición nalgún dos rexistros públicos existentes ou, na súa falta, o documento público correspondente para acreditar a existencia dunha parella de feito.
- c) Documento acreditativo da condición de ex cónxuxe ou de separado xudicialmente da persoa asegurada, así como o do seu dereito a percibir unha pensión compensatoria por parte desta última.
- d) Libro de familia ou certificado de nacemento para acreditar a condición de descendente da persoa asegurada ou do seu cónxuxe, ex cónxuxe a cargo ou parella de feito e, ademais, o certificado de recoñecemento do grao de discapacidade para aqueles que, sendo maiores de 26 anos, teñan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por cento.
- e) Documento acreditativo da tutela ou do acollemento acordado pola autoridade competente para acreditar a condición de menor tutelado ou acollido legalmente pola persoa asegurada, polo seu cónxuxe, ex cónxuxe a cargo ou parella de feito.
- f) Libro de familia ou documento equivalente para acreditar a condición de irmá ou irmán da persoa asegurada.
- g) Declaración responsable de non ter uns ingresos anuais que superen o dobre da contía do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), tamén en cómputo anual.

Non será necesario achegar os documentos mencionados nos parágrafos a) e c) do número 2 cando os interesados presten o seu consentimento para que os datos de identidade, domicilio e residencia poidan ser consultados pola Administración a través dos sistemas de verificación de datos de identidade e de residencia.

4. A dirección provincial correspondente do Instituto Nacional da Seguridade Social ou, se é o caso, do Instituto Social da Mariña, ditará resolución expresa e

notificará, no prazo de 30 días contados desde o día seguinte ao da recepción da solicitude, o recoñecemento ou a denegación da condición de persoa asegurada ou beneficiaria nos casos aos cales se refire este artigo.

Transcorrido o prazo de 30 días a que se refire o parágrafo anterior sen que se ditase e notificase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada de conformidade co disposto no número 3 da disposición adicional vixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

As resolucións, expresas ou presuntas, ditas pola entidade xestora serán impugnables na forma prevista no artigo 71 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.»

Tres. Dáse nova redacción á disposición adicional primeira, que queda como segue:

«Disposición adicional primeira. *Asistencia sanitaria para españois de orixe retornados e residentes no exterior desprazados temporalmente a España e para os familiares dos anteriores que se establezan con eles ou os acompañen.*

A asistencia sanitaria, a través do Sistema nacional de saúde, para os españois de orixe residentes no exterior que retornen a España, así como para os seus familiares que se establezan con eles, e a asistencia sanitaria para os traballadores por conta allea e por conta propia e pensionistas, españois de orixe, residentes no exterior, nos seus desprazamentos temporais a España, así como para os familiares que os acompañen, rexerá polo disposto na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, e no Real decreto 8/2008, do 11 de xaneiro, polo que se regula a prestación por razón de necesidade a favor dos españois residentes no exterior e retornados, cando, de acordo coas disposicións de Seguridade Social española, coas do Estado de procedencia ou coas normas ou convenios internacionais de Seguridade Social establecidos para o efecto, non tivesen prevista esta cobertura.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.*

A Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, queda modificada como segue:

Un. Inclúese un novo parágrafo final no preámbulo, coa seguinte redacción:

«Finalmente, resulta conveniente adecuar o texto desta lei ao contido da Sentenza do Tribunal Constitucional 85/2015, do 30 de abril de 2015, en relación co recurso de inconstitucionalidade número 6228-2013, interposto pola Generalitat de Cataluña, facilitando a participación das comunidades autónomas no procedemento de recoñecemento, mediante a súa consulta, informando sobre modificacións e simplificando o Rexistro nacional de entidades asociativas prioritarias.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 3, que queda coa seguinte redacción:

«2. Por solicitude da entidade interesada, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente procederá ao recoñecemento da entidade asociativa prioritaria, logo de consulta ás comunidades autónomas afectadas polo seu carácter supra-autonómico.»

Tres. Introdúcese un número 4 no artigo 3, que queda coa seguinte redacción:

«4. Os responsables das entidades asociativas prioritarias virán obrigados a comunicar ao ministerio os cambios que poidan afectar a súa condición de

prioritarias cando se produzan, así como as comunidades autónomas afectadas polo seu carácter supra-autonómico. Adicionalmente, con carácter anual, actualizarán a relación de produtores que forman parte destas».

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 5, que queda coa seguinte redacción:

«1. Créase no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, con carácter informativo, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, un rexistro nacional de entidades asociativas prioritarias, no cal se inscribirán as entidades desta natureza recoñecidas de acordo co establecido na presente lei e no seu regulamento de desenvolvemento.»

Cinco. Suprímense os números 3, 4 e 5 do artigo 5.

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.*

A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, queda modificada como segue:

Un. O número 4 do artigo 62 queda redactado do seguinte modo:

«4. O cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, os fillos menores de idade ou maiores que, dependendo economicamente do titular, non constituísen por si mesmos unha unidade familiar e os ascendentes a cargo, que se reúnan ou acompañen os estranxeiros enumerados no número 1 do artigo 61, poderán solicitar, conxunta e simultánea ou sucesivamente, a autorización e, se é o caso, o visado. Para iso deberá quedar acreditado o cumprimento dos requisitos previstos no número anterior.»

Dous. O artigo 63 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 63. *Visado de residencia para investidores.*

1. Os estranxeiros non residentes que se propoñan entrar en territorio español co fin de realizar un investimento significativo de capital poderán solicitar o visado de estadía ou, se é o caso, de residencia para investidores. que terá unha duración dun ano.

2. Entenderase como investimento significativo de capital aquel que cumpra algún dos seguintes supostos:

a) Un investimento inicial por un valor igual ou superior a:

1.º Dous millóns de euros en títulos de débeda pública española, ou

2.º Un millón de euros en accións ou participacións sociais de sociedades de capital españolas cunha actividade real de negocio, ou

3.º Un millón de euros en fondos de investimento, fondos de investimento de carácter pechado ou fondos de capital risco constituídos en España, incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, ou da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola cal se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, e pola cal se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, ou

4.º Un millón de euros en depósitos bancarios en entidades financeiras españolas.

b) A adquisición de bens inmobles en España cun investimento de valor igual ou superior a 500.000 euros por cada solicitante.

c) Un proxecto empresarial que vaia ser desenvolvido en España e que sexa considerado e acreditado como de interese xeral, para o cal se valorará o cumprimento de, ao menos, unha das seguintes condicións:

- 1.º Creación de postos de traballo.
- 2.º Realización dun investimento con impacto socioeconómico de relevancia no ámbito xeográfico en que se vaia desenvolver a actividade.
- 3.º Achega relevante á innovación científica e/ou tecnolóxica.

Poderá obter o visado de residencia para investidores un representante, designado polo investidor e debidamente acreditado, para a xestión dun proxecto de interese xeral, sempre e cando o proxecto cumpra algunha das condicións enumeradas na letra c).

3. Entenderase igualmente que o estranxeiro solicitante do visado realizou un investimento significativo de capital cando o investimento o leve a cabo unha persoa xurídica, domiciliada nun territorio que non teña a consideración de paraíso fiscal conforme a normativa española, e o estranxeiro posúa, directa ou indirectamente, a maioría dos seus dereitos de voto e teña a facultade de nomear ou destituír a maioría dos membros do seu órgano de administración.

4. Se o investimento o leva a cabo un matrimonio en réxime de gananciais ou análogo, e a contía non ascende, ao menos, ao dobre dos limiares previstos nas letras a) e b) do número 2, considerarase que foi efectuado por un dos cónxuxes, e o outro cónxuxe poderá solicitar un visado de residencia como familiar nos termos establecidos no artigo 62.4.»

Tres. O artigo 64 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 64. *Forma de acreditación do investimento.*

Para a concesión do visado de residencia para investidores será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a) No caso previsto na letra a) do número 2 do artigo 63, o solicitante deberá acreditar ter realizado o investimento na cantidade mínima requirida, nun período non superior a un ano á presentación da solicitude, da seguinte maneira:

1.º No suposto de investimento en accións non cotizadas ou participacións sociais, presentárase o exemplar da declaración de investimento realizado no Rexistro de Investimentos Exteriores do Ministerio de Economía e Competitividade.

2.º No suposto de investimento en accións cotizadas, presentárase un certificado do intermediario financeiro, debidamente rexistrado na Comisión Nacional do Mercado de Valores ou no Banco de España, no cal conste que o interesado efectuou o investimento para efectos desta norma.

3.º No suposto de investimento en débeda pública, presentárase un certificado da entidade financeira ou do Banco de España no cal se indique que o solicitante é o titular único do investimento para un período igual ou superior a 5 anos.

4.º No suposto de investimento en fondos de investimento, fondos de investimento de carácter pechado ou fondos de capital risco constituídos en España, presentárase un certificado da sociedade xestora do fondo, constituída en España, debidamente rexistrada na Comisión Nacional do Mercado de Valores, no cal conste que o interesado efectuou un investimento, ao menos, dun millón de euros nun fondo ou fondos baixo a súa xestión.

5.º No suposto de investimento en depósito bancario, presentárase un certificado da entidade financeira no cal se constate que o solicitante é o titular único do depósito bancario.

b) No suposto previsto na letra b) do número 2 do artigo 63, o solicitante deberá acreditar ter adquirido a propiedade dos bens inmoables mediante certificación

de dominio e cargas do rexistro da propiedade que corresponda ao inmovible ou inmobles. A certificación poderá incorporar un código electrónico de verificación para a súa consulta en liña. Esta certificación incluírá o importe da adquisición; noutro caso, deberase acreditar mediante a achega da escritura pública correspondente.

Se, no momento da solicitude do visado, a adquisición dos inmobles se encontra en trámite de inscrición no Rexistro da Propiedade, será suficiente a presentación da citada certificación na cal conste vixente o asento de presentación do documento de adquisición, xunto coa documentación acreditativa do pagamento dos tributos correspondentes.

O solicitante deberá acreditar dispoñer dun investimento en bens inmobles de 500.000 euros libre de toda carga ou gravame. A parte do investimento que exceda o importe exixido poderá estar sometida a carga ou gravame.

Se o estranxeiro non formalizou a compra do inmovible ou inmobles pero existe un precontrato con garantía no seu cumprimento por medio de arras ou outro medio admitido en dereito formalizado en escritura pública, deberá presentar, xunto co cumprimento dos requisitos indicados no artigo 62.3, o precontrato con garantía xunto cun certificado dunha entidade financeira establecida en España no cal se constate que o solicitante dispón dun depósito bancario indispoñible coa cantidade necesaria para a adquisición, para cumprir o contrato comprometido, do inmovible ou inmobles indicados, incluíndo cargas e impostos. O importe do depósito soamente poderá ser utilizado para a compra final do inmovible ou inmobles indicados no precontrato con garantía. Neste suposto, o interesado recibirá un visado de residencia para investidores de duración máxima de 6 meses.

Se se acredita a compra efectiva do inmovible ou inmobles indicados, o interesado poderá solicitar un visado de residencia para investidores dun ano de duración ou unha autorización de residencia para investidores conforme o artigo 66.

c) No suposto previsto na letra c) do número 2 do artigo 63, deberase presentar un informe favorable para constatar que no proxecto empresarial presentado concorren razóns de interese xeral. O informe procederá da oficina económica e comercial do ámbito de demarcación xeográfica onde o investidor presente a solicitude do visado.

Se o investidor designa un representante para a xestión do proxecto empresarial e co fin de que este obteña o visado de residencia para investidor, no informe da oficina económica e comercial valorarase, xunto cos requisitos establecidos no artigo 63.2.c), a necesidade de que interveña o dito representante para a adecuada xestión do proxecto empresarial.

O representante deberá acreditar ante a oficina consular que reúne os requisitos establecidos no artigo 62.3 da presente lei.

d) No suposto previsto no número 3 do artigo 63, deberase presentar un informe favorable procedente da oficina económica e comercial do ámbito de demarcación xeográfica onde o investidor presente a solicitude do visado.»

Catro. O artigo 65 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 65. *Efectos do visado de residencia para investidores.*

A concesión do visado de residencia para investidores constituirá título suficiente para residir e traballar en España durante a súa vixencia».

Cinco. O artigo 66 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 66. *Autorización de residencia para investidores.*

1. Os investidores estranxeiros que realicen un investimento significativo de capital poderán solicitar unha autorización de residencia para investidores, que terá validez en todo o territorio nacional. A concesión corresponderá á Dirección Xeral de

Migracións e a súa tramitación efectuará a Unidade de Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos.

Poderá obter a autorización de residencia para investidores un representante designado polo investidor, e debidamente acreditado para a xestión dun proxecto, sempre e cando o proxecto cumpra algunha das condicións enumeradas no artigo 63.2.c).

2. Se o solicitante da autorización de residencia é titular dun visado de residencia para investidores en vigor ou se encontra dentro do prazo dos noventa días naturais posteriores á caducidade do visado, deberá acreditar, ademais do cumprimento dos requisitos xerais previstos no artigo 62, os seguintes requisitos:

a) No suposto previsto na letra a) do número 2 do artigo 63, o investidor deberá demostrar que mantivo o investimento dun valor igual ou superior á cantidade mínima requirida:

1.º No suposto de accións non cotizadas ou participacións sociais, deberase presentar un certificado notarial que demostre que o investidor mantivo durante o período de referencia anterior a propiedade das accións non cotizadas ou participacións sociais que o facultaron para obter o visado de investidores. O certificado deberá estar datado dentro dos 30 días anteriores á presentación da solicitude.

2.º No suposto de investimento en accións cotizadas, deberase presentar un certificado dunha entidade financeira, no cal conste que o interesado mantivo, ao menos, en valor de media un millón de euros investidos en accións desde a data de obtención do visado de residencia para investidores. O certificado deberá estar datado dentro dos 30 días anteriores á presentación da solicitude.

3.º No suposto de investimento en títulos de débeda pública, deberase presentar un certificado dunha entidade financeira ou do Banco de España no cal se verifique o mantemento, ou a ampliación, desde a data de obtención do visado de residencia para investidores, do número de títulos de débeda pública que adquiriu o investidor no momento en que realizou o investimento inicial. O certificado deberá estar datado dentro dos 30 días anteriores á presentación da solicitude.

4.º No suposto de investimento en fondos de investimento, fondos de investimento de carácter pechado ou fondos de capital risco constituídos en España deberase presentar un certificado da sociedade xestora do fondo, constituída en España, debidamente rexistrada na Comisión Nacional do Mercado de Valores, no cal conste que o interesado mantivo, desde a data de obtención do visado de residencia para investidores, ao menos, en valor media, un millón de euros investido nun fondo ou fondos baixo a súa xestión. O certificado deberá estar datado dentro dos 30 días anteriores á presentación da solicitude.

5.º No suposto de investimento en depósito bancario, deberase presentar un certificado da entidade financeira que verifique que o investidor mantivo, ou ampliou, o seu depósito desde a data de obtención do visado de residencia para investidores. O certificado deberá estar datado dentro dos 30 días anteriores á presentación da solicitude.

b) No suposto previsto na letra b) do número 2 do artigo 63, o solicitante deberá demostrar que o investidor é propietario do ben ou bens inmobles pola cantidade mínima exixida no dito artigo. Para iso, deberá achegar o certificado ou certificados de dominio e cargas do Rexistro da Propiedade que corresponda ao inmovible ou inmobles e debe estar datado dentro dos 90 días anteriores á presentación da solicitude.

Se o solicitante está en posesión dun visado de residencia para investidores do 6 meses, deberá demostrar que adquiriu de forma efectiva o inmovible ou inmobles indicados mediante a documentación correspondente.

c) No suposto previsto na letra c) do número 2 do artigo 63, deberase presentar un informe favorable da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Economía e Competitividade para constatar que as razóns de interese xeral acreditadas inicialmente se manteñen.

d) No suposto previsto no número 3 do artigo 63, deberase presentar un informe favorable da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Economía e Competitividade para constatar que os elementos verificados no momento da concesión do visado se manteñen.

e) O cumprimento das obrigas en materia tributaria e de Seguridade Social.

3. Se o solicitante da autorización de residencia para investidores se encontra legalmente en España e non é titular do visado de residencia para investidores, deberá acreditar, ademais do cumprimento dos requisitos xerais previstos no artigo 62, a realización dun investimento significativo de capital conforme o artigo 64.

Se o investimento o leva a cabo un matrimonio en réxime de gananciais ou análogo e a contía non ascende, ao menos, ao dobre dos limiares previstos no artigo 63.2 a) e b), considerarase que foi efectuado por un dos cónxuxes, e o outro cónxuxe poderá solicitar unha autorización de residencia como familiar nos termos establecidos no artigo 62.4.

No suposto de investimentos do artigo 63.2.c), o informe de proxecto de interese xeral procederá da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos.

No suposto de investimentos do artigo 63.3, o informe procederá da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos.

Se o estranxeiro non formalizou a compra do inmovible ou inmoibles pero existe un precontrato con garantía do seu cumprimento por medio de arras ou outro medio admitido en dereito formalizado en escritura pública, deberá presentar, xunto co cumprimento dos requisitos indicados no artigo 62.3, o precontrato con garantía xunto cun certificado dunha entidade financeira establecida en España en que se constate que o solicitante dispón dun depósito bancario indispoñible coa cantidade necesaria para a adquisición, en cumprimento do contrato comprometido, do inmovible ou inmoibles indicados, incluídos as cargas e os impostos. O importe do depósito soamente poderá ser utilizado para a compra final do inmovible ou inmoibles indicados no precontrato con garantía. Neste suposto, o interesado recibirá unha autorización de residencia para investidores de duración máxima de 6 meses.

Se se acredita a compra efectiva do inmovible ou inmoibles indicados, o interesado poderá solicitar unha autorización de residencia para investidores.»

Seis. O artigo 67 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 67. *Duración da autorización de residencia para investidores.*

1. A autorización inicial de residencia para investidores terá unha duración de dous anos sen prexuízo do establecido no artigo 66.3 para compras de inmoibles non formalizadas.

2. Unha vez cumprido o dito prazo, aqueles investidores estranxeiros que estean interesados en residir en España por unha duración superior poderán solicitar a renovación da autorización de residencia por períodos sucesivos de cinco anos, sempre e cando se manteñan as condicións que xeraron o dereito.

3. Se durante o período de residencia autorizado se modifica o investimento deberá, en todo caso, manterse o cumprimento dalgún dos supostos previstos no artigo 63. Non será de aplicación esta previsión no caso de que a variación do valor se deba a flutuacións do mercado.»

Sete. O artigo 70 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 70. *Definición de actividade emprendedora e empresarial.*

1. Entenderase como actividade emprendedora aquela que sexa de carácter innovador con especial interese económico para España e, para tal efecto, conte cun informe favorable emitido pola oficina económica e comercial do ámbito de demarcación xeográfica ou pola Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos.

No caso de estranxeiros que se encontren legalmente en España, a solicitude dirixirase á Unidade de Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos que, de oficio, solicitará informe sobre a actividade emprendedora e empresarial á Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos. Este informe, de carácter preceptivo, será tramitado no prazo de dez días hábiles.

2. Para a valoración terase en conta especialmente e con carácter prioritario a creación de postos de traballo en España. Así mesmo, terase en conta:

a) O perfil profesional do solicitante, a súa formación e experiencia profesional, así como a súa implicación no proxecto. En caso de que existan varios socios, avaliarase a participación de cada un deles, tanto dos que solicitan un visado ou autorización como dos que non o requiran.

b) O plan de negocio con mención, ao menos, aos seguintes elementos:

1.º Descrición do proxecto: actividade empresarial que se vaia desenvolver, data de inicio, localización, forma xurídica prevista da empresa, impacto económico potencial que supón o investimento, descrición do número de postos de traballo que se considera que se poidan crear e as súas funcións e cualificación, actividades previstas de promoción e estratexia de venda.

2.º Descrición do produto ou servizo: a descrición será detallada e incluírá os aspectos innovadores.

3.º Análise de mercado: valoración do mercado e evolución esperada, descrición dos posibles competidores, valoración dos consumidores potenciais e análise de oferta e demanda.

4.º Financiamento: investimento requirido, fontes de financiamento e plan financeiro.

c) O valor engadido para a economía española, a innovación ou as oportunidades de investimento.»

Oito. O artigo 71 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 71. *Profesionais altamente cualificados.*

1. Poderán solicitar unha autorización de residencia para profesionais altamente cualificados, que terá validez en todo o territorio nacional, as empresas que requiran a incorporación en territorio español de profesionais estranxeiros para o desenvolvemento dunha relación laboral ou profesional incluída nalgún dos seguintes supostos:

a) Persoal directivo ou altamente cualificado, cando a empresa ou grupo de empresas reúna algunha das seguintes características:

1.º Media de cadro de persoal durante os tres meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude superior a 250 traballadores en España, en alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

2.º Volume de cifra neta anual de negocios superior, en España, a 50 millóns de euros; ou volume de fondos propios ou patrimonio neto superior, en España, a 43 millóns de euros.

3.º Inversión bruta media anual, procedente do exterior, non inferior a 1 millón de euros nos tres anos inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

4.º Empresas cun valor do stock investidor ou posición segundo os últimos datos do Rexistro de Inversións Exteriores do Ministerio de Economía e Competitividade, superiores a 3 millóns de euros.

5.º Pertenza, no caso de pequenas e medianas empresas establecidas en España, a un sector considerado estratéxico, acreditado mediante informe da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Inversións.

A acreditación do cumprimento dos requisitos anteriores efectuarase unha única vez, e quedará inscrita na Unidade de Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos. A dita inscrición terá unha validez de 3 anos renovables se se manteñen os requisitos. Calquera modificación das condicións deberá ser comunicada á Unidade de Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos no prazo de 30 días. En caso de non comunicar a dita modificación, a empresa deixará de estar inscrita na unidade.

b) Persoal directivo ou altamente cualificado que forme parte dun proxecto empresarial que supoña, alternativamente e sempre que a condición alegada con base neste suposto sexa considerada e acreditada como de interese xeral pola Dirección Xeral de Comercio Internacional e Inversións, de acordo con algunha ou varias das seguintes condicións:

1.º Un incremento significativo na creación de postos de traballo directos por parte da empresa que solicita a contratación.

2.º Mantemento do emprego.

3.º Un incremento significativo na creación de postos de traballo no sector de actividade ou ámbito xeográfico no cal se vaia desenvolver a actividade laboral.

4.º Un investimento extraordinario con impacto socioeconómico de relevancia no ámbito xeográfico no cal se vaia desenvolver a actividade laboral.

5.º A concorrencia de razóns de interese para a política comercial e de investimento de España.

6.º Unha achega relevante á innovación científica e/ou tecnolóxica.

c) Graduados, posgraduados de universidades e escolas de negocios de recoñecido prestixio».

Nove. O artigo 73 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 73. *Autorización de residencia por traslado intraempresarial.*

1. Aqueles estranxeiros que se despracen a España no marco dunha relación laboral, profesional ou por motivos de formación profesional, cunha empresa ou grupo de empresas establecido en España ou noutro país, deberán estar provistos do correspondente visado de acordo coa duración do traslado e dunha autorización de residencia por traslado intraempresarial, que terá validez en todo o territorio nacional.

2. Deberán quedar acreditados, ademais dos requisitos xerais do artigo 62, os seguintes requisitos:

a) A existencia dunha actividade empresarial real e, se é o caso, a do grupo empresarial.

b) Titulación superior ou equivalente ou, se é o caso, experiencia mínima profesional de tres anos.

c) A existencia dunha relación laboral ou profesional, previa e continuada, de tres meses cunha ou varias das empresas do grupo.

d) Documentación da empresa que acredite o traslado.

3. A autorización de residencia por traslado intraempresarial terá dúas modalidades:

a) Autorización de residencia por traslado intraempresarial ICT UE: procederá esta autorización no suposto de desprazamentos temporais para traballar como directivo, especialista ou para formación, desde unha empresa establecida fóra da Unión Europea a unha entidade pertencente á mesma empresa ou grupo de empresas establecida en España.

Para estes efectos entenderase por:

1.º Directivo, aquel que teña entre as súas funcións o enderezo da empresa ou dun departamento ou subdivisión desta.

2.º Especialista, quen posúa coñecementos especializados relacionados coas actividades, técnicas ou a xestión da entidade.

3.º Traballador en formación, aquel titulado universitario que é desprazado co fin de que obteña unha formación nas técnicas ou métodos da entidade e que perciba unha retribución por iso.

A duración máxima do traslado será de tres anos no caso de directivos ou especialistas e dun no caso de traballadores en formación.

Os titulares dunha autorización de residencia por traslado intraempresarial ICT UE válida, expedida por España, poderán entrar, residir e traballar nun ou varios Estados membros logo de comunicación ou solicitude de autorización, se é o caso, ás autoridades dos ditos Estados de acordo coa súa normativa, en aplicación da Directiva 2014/66/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa ás condicións de entrada e residencia de nacionais de terceiros países no marco de traslados intraempresariais.

As entidades establecidas noutros Estados membros da Unión poderán desprazar a España, logo de comunicación á Unidade de Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos, os estranxeiros titulares dunha autorización de traslado intraempresarial ICT UE durante a validez da dita autorización. A Dirección Xeral de Migracións poderá opoñerse, de maneira motivada, á mobilidade no prazo do 20 días nos seguintes supostos:

- i) Cando non se cumpran as condicións previstas neste artigo.
- ii) Cando os documentos presentados se adquirisen fraudulentamente, ou fosen falsificados ou manipulados.
- iii) Cando transcorrese a duración máxima do traslado.

En caso de oposición por parte da Dirección Xeral de Migracións, o primeiro Estado permitirá a reentrada sen máis trámites do estranxeiro desprazado e da súa familia. Se non se producise aínda o desprazamento a España, a resolución denegatoria impediráo.

b) Autorización nacional de residencia por traslado intraempresarial. Procederá esta autorización nos supostos non recollidos na letra a) ou unha vez que transcorrese a duración máxima do traslado prevista no número anterior.»

Dez. O artigo 74 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 74. *Traslados intraempresariais de grupos de profesionais e procedemento simplificado.*

1. As empresas ou grupos de empresas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 71.1.a) poderán solicitar a tramitación colectiva de autorizacións, que estará baseada na xestión planificada dunha cota temporal de autorizacións presentadas pola empresa ou grupos de empresas.

2. As empresas ou grupos de empresas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 71.1.a) poderán solicitar a súa inscrición na Unidade de

Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos. A inscrición terá unha validez de tres anos renovables se se manteñen os requisitos. Calquera modificación das condicións deberá ser comunicada á Unidade de Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos no prazo de 30 días. En caso de non comunicar a dita modificación, a empresa ou grupo de empresas deixará de estar inscrita na unidade.

As empresas inscritas estarán exentas de acreditar, no momento da solicitude, os requisitos previstos no artigo 73.2.a), b) e c). Non obstante, a Administración poderá efectuar de oficio comprobacións do cumprimento destes requisitos, para o cal a entidade deberá dispoñer da documentación acreditativa.

3. Este artigo non será de aplicación ás empresas ou grupos de empresas que nos tres anos inmediatamente anteriores á solicitude de autorización:

a) Fosen sancionadas por infracción grave ou moi grave en materia de estranxeiría e inmigración.

b) Non acreditasen o cumprimento dos requisitos nas comprobacións de oficio efectuadas pola Administración».

Once. O artigo 76 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 76. *Procedemento de autorización.*

1. A tramitación das autorizacións de residencia previstas nesta sección efectuará a Unidade de Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos que considerará a utilización de medios telemáticos e a súa concesión corresponderá á Dirección Xeral de Migracións.

O prazo máximo de resolución será de vinte días desde a presentación da solicitude no órgano competente para a súa tramitación. Se non se resolve no dito prazo, a autorización entenderase estimada por silencio administrativo. As resolucións serán motivadas e poderán ser obxecto de recurso de alzada, de acordo co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

A solicitude de autorizacións de residencia previstas nesta sección prorrogará a vixencia da situación de residencia ou de estadía de que fose titular o solicitante ata a resolución do procedemento.

2. Os titulares dunha autorización regulada nesta sección poderán solicitar a súa renovación por períodos de dous anos, sempre e cando manteñan as condicións que xeraron o dereito, sen prexuízo do establecido no artigo 67.2. As renovacións tramitaranse utilizando medios electrónicos. A Dirección Xeral de Migracións poderá acadar os informes necesarios para pronunciarse sobre o mantemento das condicións que xeraron o dereito.

A presentación da solicitude de renovación prorrogará a validez da autorización ata a resolución do procedemento. Tamén se prorrogará no suposto en que a solicitude se presente nos noventa días posteriores á finalización da anterior autorización, sen prexuízo da incoación, se é o caso, do correspondente expediente sancionador.»

Doce. A disposición adicional sétima queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional sétima. *Mantemento dos requisitos.*

1. Os estranxeiros deberán manter, durante a vixencia dos visados ou autorizacións, as condicións que lles deron acceso a eles.

2. Calquera modificación durante a residencia que afecte as condicións de admisión deberá ser comunicada polo interesado á Unidade de Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos no prazo de 30 días.

3. Os órganos competentes da Administración xeral do Estado poderán levar a cabo as comprobacións que consideren oportunas para verificar o cumprimento da lexislación vixente.

4. Se, de acordo co previsto nesta disposición, se verifica que non se cumpren as condicións legalmente establecidas, o órgano competente poderá extinguir, de maneira motivada, logo de trámite de audiencia, o visado ou a autorización.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*

Modifícase a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, que queda redactada da seguinte forma:

Un. Modifícase a letra d) do artigo 88, que queda redactada da seguinte forma:

«d) Os mozos maiores de 16 anos e menores de 25, ou menores de 30 anos no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, que cumpran cos requisitos recollidos nesta lei para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema nacional de garantía xuvenil.

Así mesmo, os mozos maiores de 25 anos e menores de 30 que cumpran cos requisitos recollidos nesta lei para beneficiarse dunha acción derivada do Sistema nacional de garantía xuvenil, ata que a súa taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 20 por cento, segundo a enquisa de poboación activa correspondente ao último trimestre do ano.»

Dous. Modifícase a letra c) do artigo 97, que queda redactada da seguinte forma:

«c) Ter máis de 16 anos e menos de 25, ou menos de 30 anos no caso de persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil.

Ademais, os maiores de 25 anos e menores de 30 cando, no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, a taxa de desemprego deste colectivo sexa igual ou superior ao 20 por cento.»

Tres. Modifícase o número 4 do artigo 101, que queda redactado da seguinte forma:

«4. A baixa no sistema producirase de oficio cando un usuario inscrito cumpra a idade límite aplicable no momento da súa inscrición, de conformidade ao artigo 97.c), e fose atendido previamente con algunha das medidas implementadas por parte dos suxeitos incluídos nas letras a), b) e c) do artigo 88.

Os usuarios inscritos no sistema non serán dados de baixa mentres estean recibindo algunhas das medidas ou accións previstas no artigo 106.

Os usuarios inscritos que rexeitasen algunha das medidas implementadas no marco deste sistema polos suxeitos referidos causarán baixa automática nel ao alcanzaren a idade prevista no primeiro parágrafo.

Aqueles usuarios inscritos que, tendo superado a idade prevista no primeiro parágrafo, non fosen atendidos previamente permanecerán no sistema sen causar baixa de oficio.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional vixésimo oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésimo oitava. *Resolucións sobre a taxa de desemprego, aplicables aos mozos maiores de 25 anos e menores de 30.*

A ampliación da idade máxima de acceso ao Sistema nacional da garantía xuvenil, prevista no artigo 88. d) e no artigo 97.c), será de aplicación tras a

publicación da resolución que dite a dirección xeral con competencias para administrar o Fondo Social Europeo, tendo en conta a Enquisa de poboación activa do último trimestre de ano. A dita resolución será actualizada con carácter anual.

A falta de resolución expresa nos tres primeiros meses do exercicio posterior ao de referencia implicará a prórroga tácita da ampliación do ámbito de aplicación do Sistema nacional de garantía xuvenil, salvo resolución expresa en contra.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

Un. Modifícase o título do artigo 81 e os seus números 1 e 2, que pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 81. *Condicións para a xestión transfronteiriza de ECR e EICC e para a prestación de servizos noutros Estados membros por sociedades xestoras autorizadas en España, de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011.*

1. As SXEIC autorizadas en España de conformidade coa Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderán, xa sexa directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, xestionar ECR e EICC establecidas noutro Estado membro, sempre que a SXEIC estea autorizada a xestionar ese tipo de entidades de investimento, así como prestar noutro Estado membro os servizos a que se refire o artigo 43.1 para os cales fose autorizada.

2. Toda xestora que se propoña xestionar unha ECR ou EICC establecida noutro Estado membro ou prestar os servizos a que se refire o número 1 por primeira vez comunicará á Comisión Nacional do Mercado de Valores a seguinte información:

a) O Estado membro en que se propoña xestionar a ECR ou EICC, directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, ou prestar os servizos a que se refire o artigo 43.1 para os cales fose autorizada, e

b) Un programa de actividade no cal se indiquen, en particular, os servizos que se propoña prestar ou se identifiquen as ECR ou EICC que se propoña xestionar.»

Dous. Modifícase o título do artigo 82 e os seus números 1 e 6, que pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 82. *Condicións para a xestión de ECR e EICC españolas e para a prestación de servizos en España por sociedades xestoras reguladas pola Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea.*

1. Toda sociedade xestora autorizada nun Estado membro da Unión Europea conforme a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, poderá xestionar ECR e EICC, así como prestar servizos en España, xa sexa directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, sempre que estea autorizada polo dito Estado membro a xestionar ese tipo de entidades de investimento ou a prestar eses servizos.

6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores comunicará sen demora, ás autoridades competentes do Estado membro de orixe da sociedade xestora, calquera problema detectado que poida afectar materialmente a capacidade da xestora para cumprir adecuadamente as súas obrigacións legais ou regulamentarias, que incidan no ámbito supervisor da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Modificación da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.*

A disposición adicional décimo quinta da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, queda redactada da seguinte maneira:

«Décimo quinta. *Contratación de persoal das sociedades mercantís públicas en 2015.*

Un. No ano 2015, as sociedades mercantís públicas a que se refire o artigo 20 número un desta lei non poderán proceder á contratación de novo persoal.

Esta limitación non será de aplicación cando se trate de contratación de persoal, funcionario ou laboral, cunha relación preexistente de carácter fixo e indefinido no sector público estatal, autonómico ou local en que, respectivamente, estea incluída a correspondente sociedade mercantil. Os contratos celebrados ao abeiro do establecido neste número xerarán dereito a seguir percibindo, desde a data da súa celebración, o complemento de antigüidade na mesma contía que se viñese percibindo no departamento ministerial, organismo público, sociedade, fundación ou consorcio de procedencia.

Só en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, poderán levar a cabo contratacións temporais.

Ademais, as sociedades mercantís públicas que tivesen beneficios nos últimos dous exercicios poderán realizar, exclusivamente para procesos de consolidación de emprego temporal, contratos indefinidos cun límite do 90 por cento da súa taxa de reposición, calculada conforme as regras do artigo 21.un.3 desta lei.

As sociedades mercantís públicas que, no momento de entrada en vigor desta disposición e ao abeiro da normativa vixente ata ese momento, celebrasen xa contratos de carácter indefinido, aplicarán o disposto no parágrafo anterior tendo en conta que, en ningún caso, a suma dos contratos celebrados antes da entrada en vigor desta norma e dos celebrados ao abeiro desta poderá superar o límite do 90 por cento da súa taxa de reposición, calculada conforme as regras do artigo 21.un.3 desta lei.

Dous. No caso das sociedades mercantís estatais, a contratación indefinida de persoal requirirá, en todo caso, ademais do establecido no número un, informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do accionista maioritario.

Así mesmo, a contratación temporal nas citadas sociedades, tendo en conta o indicado no número anterior, farase de conformidade cos criterios e instrucións que, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dite o accionista maioritario das respectivas sociedades.

As sociedades mercantís estatais deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, xunto coa solicitude de autorización da masa salarial, información relativa á contratación temporal realizada no exercicio anterior, e detallarán o número de xornadas anualizadas e o seu custo.

Tres. O disposto no número un desta disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 156.1 da Constitución.»

Disposición derradeira décimo quinta. *Modificación da Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.*

Un. Modifícase o parágrafo quinto do parágrafo II do preámbulo, que queda redactado como segue:

«Pola súa parte, o número 2 do artigo 3 establece expresamente as exclusións do ámbito de aplicación da lei. En primeiro lugar, queda excluída a negociación colectiva, por estar expresamente recoñecida como dereito constitucional, de forma

que a actualización de salarios non se pode subtraer ao acordado polas partes; en segundo lugar, as pensións, que se rexen pola súa normativa específica. Faise notar, por outro lado, que a dita normativa identifica un índice de revalorización de pensións que se basea nun conxunto amplo de variables económicas que aseguran a sustentabilidade do sistema de pensións da Seguridade Social. Exclúense, por último, as operacións financeiras e de tesouraría, de forma que estas teñan a máxima capacidade e flexibilidade de formatos para captar o aforro nacional e internacional ao menor prezo, nun contexto de competencia intensa por un recurso escaso como é o aforro, e onde os produtos estranxeiros xeralmente non están sometidos a restrición ningunha neste sentido.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 3, que queda redactado como segue:

«2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta lei:

- a) A negociación salarial colectiva.
- b) As revisións, revalorizacións ou actualizacións previstas no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e no texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, así como as revisións do resto das pensións aboadas con cargo aos créditos da sección 07 do orzamento de gastos do Estado, calquera que sexa a súa lexislación reguladora.
- c) As operacións financeiras e de tesouraría que se recollen no título IV da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nas cales interveña o sector público estatal, autonómico ou local».

Disposición derradeira décimo sexta. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As normas regulamentarias que son obxecto de modificación mediante esta lei poderán ser modificadas no futuro por normas de rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira décimo sétima. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2014/66/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa ás condicións de entrada e residencia de nacionais de terceiros países no marco de traslados intraempresariais.

Disposición derradeira décimo oitava. *Modificación por disposición regulamentaria.*

Reglamentariamente poderanse modificar:

- a) As porcentaxes do número 1 do artigo 34 quáter, que se modifica no artigo 1. cuarto.catro.
- b) A porcentaxe do 50 por cento previsto no artigo 34.2.b), que se modifica no artigo 1. cuarto.un.

Disposición derradeira décimo novena. *Título competencial.*

1. As modificacións de textos legais contidas nesta lei ampáranse no título competencial establecido na norma obxecto de modificación.

2. Os artigos 4 e 7 dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

3. Os artigos 8 e 10 e as disposicións transitorias segunda e terceira dítanse ao abeiro do establecido no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre o réxime económico da Seguridade Social.

4. As disposicións adicionais primeira a quinta e a disposición transitoria primeira dítanse ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado

a competencia exclusiva en materia de lexislación mercantil e de lexislación procesual, sen prexuízo das necesarias especialidades que nesta orde deriven das particularidades do dereito substantivo das comunidades autónomas.

5. A disposición adicional sexta dítase ao abeiro dos artigos 149.1.7.^a e 18.^a da Constitución española.

Disposición derradeira vixésima. *Desenvolvemento regulamentario, execución e aplicación.*

1. O Goberno, por proposta conxunta dos ministros de Xustiza e de Facenda e Administracións Públicas, ditará as disposicións regulamentarias complementarias que sexan necesarias para a aplicación das taxas polo exercicio da potestade xurisdiccional, coas modificacións efectuadas por esta lei.

2. Por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas modificaranse os modelos de autoliquidación da taxa para adaptalos ás reformas efectuadas nesta lei.

3. Autorízase o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, para que dite as disposicións, instrucións e medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento efectivo dos procesos electorais aos órganos de participación e negociación colectiva dos empregados públicos, no ámbito das súas competencias.

4. Sen prexuízo do disposto nos números anteriores desta disposición, autorízanse o Goberno e os ministros de Xustiza, Facenda e Administracións Públicas, Emprego e Seguridade Social e Economía e Competitividade, para que, no ámbito das súas competencias, ditén as disposicións regulamentarias e as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Disposición derradeira vixésimo primeira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY